



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 354

VIII legislatura

15 de novembro de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

1.- Emenda de devolución global

- Núm. 1: (núm. de Rexistro 54099) do G.P. dos Socialistas. [111678](#)

- Núm. 1: (núm. de Rexistro 54033) do G.P. do BNG. [111685](#)

2.- Emendas de devolución de seccións ou de axentes xestores do gasto

A) Seccións

Sección 04, Presidencia da Xunta:

- Núm. 3: (núm. de Rexistro 54101) do G.P.dos Socialistas. [111687](#)

- Núm. 2: (núm. de Rexistro 54037) do G.P. do BNG. [111689](#)

Sección 05, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- Núm. 4: (núm. de Rexistro 54102) do G.P.dos Socialistas. [111691](#)

- Núm. 3: (núm. de Rexistro 54042) do G.P. do BNG. [111694](#)

Sección 06, Consellería de Facenda:

- Núm. 5: (núm. de Rexistro 54108) do G.P.dos Socialistas. [111696](#)

- Núm. 4: (núm. de Rexistro 54045) do G.P. do BNG. [111698](#)

Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- Núm. 6: (núm. de Rexistro 54113) do G.P.dos Socialistas. [111700](#)

- Núm. 5: (núm. de Rexistro 54047) do G.P. do BNG. [111703](#)

Sección 08, Consellería de Economía e Industria:

- Núm. 7: (núm. de Rexistro 54117) do G.P.dos Socialistas. [111709](#)

SUMARIO

- Núm. 6: (núm. de Rexistro 54048) do G.P. do BNG. [111712](#)
- Sección 09, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:
 - Núm. 8: (núm. de Rexistro 54119) do G.P.dos Socialistas. [111714](#)
 - Núm. 7: (núm. de Rexistro 54049) do G.P. do BNG. [111717](#)
- Sección 10, Consellería de Sanidade:
 - Núm. 9: (núm. de Rexistro 54120) do G.P.dos Socialistas. [111719](#)
 - Núm. 8: (núm. de Rexistro 54052) do G.P. do BNG. [111720](#)
- Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo:
 - Núm. 10: (núm. de Rexistro 54124) do G.P.dos Socialistas. [111722](#)
 - Núm. 9: (núm. de Rexistro 54051) do G.P. do BNG. [111725](#)
- Sección 12, Consellería de Traballo e Benestar:
 - Núm. 11: (núm. de Rexistro 54131) do G.P.dos Socialistas. [111727](#)
 - Núm. 10: (núm. de Rexistro 54052) do G.P. do BNG. [111731](#)
- Sección 13, Consellería de Medio Rural:
 - Núm. 12: (núm. de Rexistro 54132) do G.P.dos Socialistas. [111733](#)
 - Núm. 11: (núm. de Rexistro 54053) do G.P. do BNG. [111737](#)
- Sección 14, Consellería do Mar:
 - Núm. 13: (núm. de Rexistro 54135) do G.P.dos Socialistas. [111739](#)
 - Núm. 12: (núm. de Rexistro 54054) do G.P. do BNG. [111740](#)
- Sección 21, Transferencias a CC.LL.:
 - Núm. 13: (núm. de Rexistro 54055) do G.P. do BNG. [111742](#)
- Sección 23, Gastos de diversas consellarías:
 - Núm. 14: (núm. de Rexistro 54056) do G.P. do BNG. [111743](#)
- B) Organismos autónomos
 - B1. Organismos autónomos administrativos:
 - Escola Galega de Administración Pública:
 - Núm. 17: (núm. de Rexistro 54059) do G.P. do BNG. [111744](#)
 - Academia Galega de Seguridade Pública :
 - Núm. 18: (núm. de Rexistro 54060) do G.P. do BNG. [111745](#)
 - Augas de Galicia:
 - Núm. 17: (núm. de Rexistro 54139) do G.P.dos Socialistas. [111746](#)
 - Núm. 27: (núm. de Rexistro 54071) do G.P. do BNG. [111747](#)
 - Instituto Galego de Consumo:
 - Núm. 35: (núm. de Rexistro 54079) do G.P. do BNG. [111749](#)
 - Servizo Galego de Saúde:
 - Núm. 37: (núm. de Rexistro 54081) do G.P. do BNG. [111750](#)
 - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral:
 - Núm. 42: (núm. de Rexistro 54087) do G.P. do BNG. [111752](#)
 - B.2. Organismos autónomos de carácter comercial, industrial ou financeiro:
 - Instituto Galego da Vivenda e Solo:
 - Núm. 18: (núm. de Rexistro 54140) do G.P.dos Socialistas. [111754](#)
 - Núm. 28: (núm. de Rexistro 54072) do G.P. do BNG. [111756](#)
 - Fondo Galego de Garantía Agraria:
 - Núm. 48: (núm. de Rexistro 54093) do G.P. do BNG. [111758](#)
 - C) Axencias públicas autonómicas
 - Axencia Galega das Industrias Culturais:
 - Núm. 22: (núm. de Rexistro 54145) do G.P.dos Socialistas. [111759](#)
 - Núm. 40: (núm. de Rexistro 54085) do G.P. do BNG. [111760](#)
 - D) Sociedades públicas
 - D.1 Entes de dereito público.
 - Compañía de Radio Televisión de Galicia:
 - Núm. 14: (núm. de Rexistro 54136) do G.P.dos Socialistas. [111762](#)
 - Núm. 15: (núm. de Rexistro 54057) do G.P. do BNG. [111763](#)
 - Consello Económico e Social:
 - Núm. 16: (núm. de Rexistro 54138) do G.P.dos Socialistas. [111765](#)
 - Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos:
 - Núm. 19: (núm. de Rexistro 54141) do G.P.dos Socialistas. [111766](#)
 - Núm. 22: (núm. de Rexistro 54064) do G.P. do BNG. [111768](#)
 - Instituto Galego de Promoción Económica:
 - Núm. 29: (núm. de Rexistro 54073) do G.P. do BNG. [111770](#)
 - Instituto Enerxético de Galicia:
 - Núm. 25: (núm. de Rexistro 54150) do G.P.dos Socialistas. [111772](#)
 - Núm. 30: (núm. de Rexistro 54074) do G.P. do BNG. [111773](#)

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:	- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111807
- Núm. 21: (núm. de Rexistro 54144) do G.P.dos Socialistas. 111774	- Núm. 32: (núm. de Rexistro 54076) do G.P. do BNG. 111809
- Núm. 43: (núm. de Rexistro 54088) do G.P. do BNG. 111776	
Portos de Galicia:	Sodiga Galicia, S.A.:
- Núm. 49: (núm. de Rexistro 54094) do G.P. do BNG. 111778	- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111810
	- Núm. 31: (núm. de Rexistro 54075) do G.P. do BNG. 111812
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia:	Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia:
- Núm. 50: (núm. de Rexistro 54095) do G.P. do BNG. 111780	- Núm. 23: (núm. de Rexistro 54147) do G.P.dos Socialistas. 111813
D.2 Sociedades mercantís	- Núm. 34: (núm. de Rexistro 54078) do G.P. do BNG. 111814
Redes de Telecomunicación de Galicia, Retegal, S.A.:	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.:
- Núm. 16: (núm. de Rexistro 54058) do G.P. do BNG. 111782	- Núm. 36: (núm. de Rexistro 54080) do G.P. do BNG. 111816
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.:	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo:
- Núm. 15: (núm. de Rexistro 54137) do G.P.dos Socialistas. 111784	- Núm. 38: (núm. de Rexistro 54082) do G.P. do BNG. 111818
- Núm. 20: (núm. de Rexistro 54062) do G.P. do BNG. 111786	Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.:
Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.:	- Núm. 39: (núm. de Rexistro 54083) do G.P. do BNG. 111819
- Núm. 19: (núm. de Rexistro 54061) do G.P. do BNG. 111787	Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia:
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.:	- Núm. 44: (núm. de Rexistro 54089) do G.P. do BNG. 111821
- Núm. 20: (núm. de Rexistro 54142) do G.P.dos Socialistas. 111789	Xenética Fontao, S.A.:
- Núm. 21: (núm. de Rexistro 54063) do G.P. do BNG. 111791	- Núm. 47: (núm. de Rexistro 54092) do G.P. do BNG. 111823
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.:	Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A.:
- Núm. 23: (núm. de Rexistro 54066) do G.P. do BNG. 111793	- Núm. 45: (núm. de Rexistro 54090) do G.P. do BNG. 111824
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.:	Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia:
- Núm. 24: (núm. de Rexistro 54068) do G.P. do BNG. 111795	- Núm. 46: (núm. de Rexistro 54091) do G.P. do BNG. 111825
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.:	E) Fundacións públicas
- Núm. 25: (núm. de Rexistro 54069) do G.P. do BNG. 111797	Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico:
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.:	- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111827
- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54070) do G.P. do BNG. 111799	Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño:
Galicia Calidade, S.A.:	- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111829
- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111801	F) Consorcios
- Núm. 33: (núm. de Rexistro 54077) do G.P. do BNG. 111803	Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.:	- Núm. 24: (núm. de Rexistro 54148) do G.P.dos Socialistas. 111831
- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas. 111805	
XESGALICIA, S.A.:	

SUMARIO

- Núm. 41: (núm. de Rexistro 54086) do G.P. do BNG. [111833](#)

1.- Emendas que transfiren créditos entre seccións:

- Núm. 2 (doc. núm. 54100) do G. P. dos Socialistas. [111835](#)

- Núms. 7 a 37 (doc. núm. 54096) do G. P. do BNG. [111870](#)

2.- Emendas que modifican a contía global dos estados de gastos e ingresos:

- Núm. 2 (doc. núm. 54100) do G.P. dos Socialistas. [111924](#)

- Núms. 1 a 6 (doc. núm. 54096) do G. P. do BNG. [111959](#)

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54206). [112013](#)

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54209). [112015](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

A Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, reunida o 12 de novembro de 2010 para cualificar as emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, logo de examinar a relación de documentos presentados polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego que se indican a continuación, procedeu á súa ordenación mediante a asignación dunha numeración para facilitar a súa identificación:

a) Documentos presentados polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Documentos cos números de Rexistro 54099, 54100, 54101, 54102, 54108, 54113, 54117, 54119, 54120, 54124, 54131, 54132, 54135, 54136, 54137, 54138, 54139, 54140, 54141, 54142, 54144, 54145, 54146 (suprímese por estar duplicado no documento 54139), 54147, 54148, 54149 (suprímese por estar duplicado no doc. 54148), 54150, 54151, 54152, 54153 (suprímese por estar duplicado no doc. 54145), 54154, 54155 (suprímese por estar duplicado no doc. 54152), 54156, 54157, 54158, 54159 (suprímese por estar duplicado no doc. 54145), 54160 (suprímese por estar duplicado no doc. 54147), 54161 (suprímese por estar duplicado no doc. 54148), 54162 (suprímese por estar duplicado no doc. 54154), 54163 (suprímese por estar duplicado no doc. 54152), 54164, 54165 (suprímese por estar duplicado no doc. 54150). Os documentos cos números de Rexistro 54152 a 54165 foron rexistrados manualmente, dos que foron anulados de oficio por duplicidade os documentos cos números 54153, 54155, 54159, 54160, 54161, 54162, 54163 e 54165, polo que se examinan para os efectos da súa admisión a trámite os documentos cos números 54152, 54154, 54156, 54157, 54158 e 54164.

En relación cos documentos 54152, 54154, 54156, 54157, 54158 e 54164, a Mesa, cos votos a favor do Sr. vicepresidente e da Sra. secretaria e co voto en contra do Sr. presidente, acorda non admitilos a trámite por entender que non

se presentaron no prazo que rematou ás 18.30 horas do 8 de novembro de 2010.

Consecuentemente, asígnaselles a seguinte numeración: números 1 a 26 (documentos cos números de Rexistro 54099, 54100, 54101, 54102, 54108, 54113, 54117, 54119, 54120, 54124, 54131, 54132, 54135, 54136, 54137, 54138, 54139, 54140, 54141, 54142, 54144, 54145, 54147, 54148, 54150 e 54151).

b) Documentos presentados polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Documentos cos números de Rexistro 54033, 54037, 54042, 54045, 54047, 54048, 54049, 54050, 54051, 54052, 54053, 54054, 54055, 54056, 54057, 54058, 54059, 54060, 54061, 54062, 54063, 54064, 54066, 54068, 54069, 54070, 54071, 54072, 54073, 54074, 54075, 54076, 54077, 54078, 54079, 54080, 54081, 54082, 54083, 54085, 54086, 54087, 54088, 54089, 54090, 54091, 54092, 54093, 54094, 54095 e 54096.

Asígnaselles a seguinte numeración: números 1 a 50, para os documentos cos números de Rexistro: 54033, 54037, 54042, 54045, 54047, 54048, 54049, 54050, 54051, 54052, 54053, 54054, 54055, 54056, 54057, 54058, 54059, 54060, 54061, 54062, 54063, 54064, 54066, 54068, 54069, 54070, 54071, 54072, 54073, 54074, 54075, 54076, 54077, 54078, 54079, 54080, 54081, 54082, 54083, 54085, 54086, 54087, 54088, 54089, 54090, 54091, 54092, 54093, 54094 e 54095; e números 1 a 37, para identificar as emendas formuladas no documento co número de Rexistro 54096.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara, e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte acordo:

1.º) Cualificalas como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011.

2.º) Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican:

Emendas á totalidade

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos
(con efectos devolutivos)

1.- Emenda de devolución global

- Núm. 1: (núm. de Rexistro 54099) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 1: (núm. de Rexistro 54033) do G.P. do BNG.

2.- Emendas de devolución de seccións ou de axentes xestores do gasto

A) Seccións

Sección 04, Presidencia da Xunta:

- Núm. 3: (núm. de Rexistro 54101) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 2: (núm. de Rexistro 54037) do G.P. do BNG.

Sección 05, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- Núm. 4: (núm. de Rexistro 54102) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 3: (núm. de Rexistro 54042) do G.P. do BNG.

Sección 06, Consellería de Facenda:

- Núm. 5: (núm. de Rexistro 54108) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 4: (núm. de Rexistro 54045) do G.P. do BNG.

Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- Núm. 6: (núm. de Rexistro 54113) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 5: (núm. de Rexistro 54047) do G.P. do BNG.

Sección 08, Consellería de Economía e Industria:

- Núm. 7: (núm. de Rexistro 54117) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 6: (núm. de Rexistro 54048) do G.P. do BNG.

Sección 09, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Núm. 8: (núm. de Rexistro 54119) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 7: (núm. de Rexistro 54049) do G.P. do BNG.

Sección 10, Consellería de Sanidade:

- Núm. 9: (núm. de Rexistro 54120) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 8: (núm. de Rexistro 54050) do G.P. do BNG.

Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo:

- Núm. 10: (núm. de Rexistro 54124) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 9: (núm. de Rexistro 54051) do G.P. do BNG.

Sección 12, Consellería de Traballo e Benestar:

- Núm. 11: (núm. de Rexistro 54131) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 10: (núm. de Rexistro 54052) do G.P. do BNG.

Sección 13, Consellería de Medio Rural:

- Núm. 12: (núm. de Rexistro 54132) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 11: (núm. de Rexistro 54053) do G.P. do BNG.

Sección 14, Consellería do Mar:

- Núm. 13: (núm. de Rexistro 54135) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 12: (núm. de Rexistro 54054) do G.P. do BNG.

Sección 21, Transferencias a CC.LL.:

- Núm. 13: (núm. de Rexistro 54055) do G.P. do BNG.

Sección 23, Gastos de diversas consellerías:

- Núm. 14: (núm. de Rexistro 54056) do G.P. do BNG.

B) Organismos autónomos

B1. Organismos autónomos administrativos:

Escola Galega de Administración Pública:

- Núm. 17: (núm. de Rexistro 54059) do G.P. do BNG.

Academia Galega de Seguridade Pública :

- Núm. 18: (núm. de Rexistro 54060) do G.P. do BNG.

Augas de Galicia:

- Núm. 17: (núm. de Rexistro 54139) do G.P. dos Socialistas.
- Núm. 27: (núm. de Rexistro 54071) do G.P. do BNG.

Instituto Galego de Consumo:

- Núm. 35: (núm. de Rexistro 54079) do G.P. do BNG.

Servizo Galego de Saúde:

- Núm. 37: (núm. de Rexistro 54081) do G.P. do BNG.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral:

- Núm. 42: (núm. de Rexistro 54087) do G.P. do BNG.

B.2. Organismos autónomos de carácter comercial, industrial ou financeiro:

Instituto Galego da Vivenda e Solo:

- Núm. 18: (núm. de Rexistro 54140) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 28: (núm. de Rexistro 54072) do G.P. do BNG.

Fondo Galego de Garantía Agraria:

- Núm. 48: (núm. de Rexistro 54093) do G.P. do BNG.

C) Axencias públicas autonómicas

Axencia Galega das Industrias Culturais:

- Núm. 22: (núm. de Rexistro 54145) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 40: (núm. de Rexistro 54085) do G.P. do BNG.

D) Sociedades públicas

D.1 Entes de dereito público.

Compañía de Radio Televisión de Galicia:

- Núm. 14: (núm. de Rexistro 54136) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 15: (núm. de Rexistro 54057) do G.P. do BNG.

Consello Económico e Social:

- Núm. 16: (núm. de Rexistro 54138) do G.P.dos Socialistas.

Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos:

- Núm. 19: (núm. de Rexistro 54141) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 22: (núm. de Rexistro 54064) do G.P. do BNG.

Instituto Galego de Promoción Económica:

- Núm. 29: (núm. de Rexistro 54073) do G.P. do BNG.

Instituto Enerxético de Galicia:

- Núm. 25: (núm. de Rexistro 54150) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 30: (núm. de Rexistro 54074) do G.P. do BNG.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- Núm. 21: (núm. de Rexistro 54144) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 43: (núm. de Rexistro 54088) do G.P. do BNG.

Portos de Galicia:

- Núm. 49: (núm. de Rexistro 54094) do G.P. do BNG.

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia:

- Núm. 50: (núm. de Rexistro 54095) do G.P. do BNG.

D.2 Sociedades mercantís

Redes de Telecomunicación de Galicia, Retegal, S.A.:

- Núm. 16: (núm. de Rexistro 54058) do G.P. do BNG.

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.:

- Núm. 15: (núm. de Rexistro 54137) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 20: (núm. de Rexistro 54062) do G.P. do BNG.

Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.:

- Núm. 19: (núm. de Rexistro 54061) do G.P. do BNG.

Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.:

- Núm. 20: (núm. de Rexistro 54142) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 21: (núm. de Rexistro 54063) do G.P. do BNG.

Xestión Urbanística da Coruña, S.A.:

- Núm. 23: (núm. de Rexistro 54066) do G.P. do BNG.

Xestión Urbanística de Lugo, S.A.:

- Núm. 24: (núm. de Rexistro 54068) do G.P. do BNG.

Xestión Urbanística de Ourense, S.A.:

- Núm. 25: (núm. de Rexistro 54069) do G.P. do BNG.

Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54070) do G.P. do BNG.

Galicia Calidade, S.A.:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 33: (núm. de Rexistro 54077) do G.P. do BNG.

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas.

XESGALICIA, S.A.:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas.
- Núm. 32: (núm. de Rexistro 54076) do G.P. do BNG.

Sodiga Galicia, S.A.:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P.dos Socialistas.

- Núm. 31: (núm. de Rexistro 54075) do G.P. do BNG.

Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia:

- Núm. 23: (núm. de Rexistro 54147) do G.P. dos Socialistas.

- Núm. 34: (núm. de Rexistro 54078) do G.P. do BNG.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.:

- Núm. 36: (núm. de Rexistro 54080) do G.P. do BNG.

Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo:

- Núm. 38: (núm. de Rexistro 54082) do G.P. do BNG.

Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.:

- Núm. 39: (núm. de Rexistro 54083) do G.P. do BNG.

Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia:

- Núm. 44: (núm. de Rexistro 54089) do G.P. do BNG.

Xenética Fontao, S.A.:

- Núm. 47: (núm. de Rexistro 54092) do G.P. do BNG.

Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A.:

- Núm. 45: (núm. de Rexistro 54090) do G.P. do BNG.

Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia:

- Núm. 46: (núm. de Rexistro 54091) do G.P. do BNG.

E) Fundacións públicas

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P. dos Socialistas.

Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño:

- Núm. 26: (núm. de Rexistro 54151) do G.P. dos Socialistas.

F) Consorcios

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- Núm. 24: (núm. de Rexistro 54148) do G.P. dos Socialistas.

- Núm. 41: (núm. de Rexistro 54086) do G.P. do BNG.

Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1.- Emendas que transfiren créditos entre seccións:

- Núm. 2 (doc. núm. 54100) do G. P. dos Socialistas.

- Núms. 7 a 37 (doc. núm. 54096) do G. P. do BNG.

2.- Emendas que modifican a contía global dos estados de gastos e ingresos:

- Núm. 2 (doc. núm. 54100) do G.P. dos Socialistas. Nesta emenda os gastos e os ingresos totais dos orzamentos consolidados aumentan en 198.300.000€, pasan de 9.708,017,126€ a 9.906.317,216€.

- Núms. 1 a 6 (doc. núm. 54096) do G. P. do BNG. Nesta emenda os gastos e os ingresos totais incrementáanse en 25.000.000€.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 12 de novembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0023(52925)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

BOPG núm. 338, do 21.10.2010

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de 2):

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54206).
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54209).

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

O proxecto de lei de orzamentos para o ano 2011 que vén de presentar o Goberno da Xunta de Galicia, non ofrece ningunha alternativa que permita ás familias e ás empresas galegas avanzar cara á recuperación económica. Ofrece un escenario orzamentario que soamente permite caracterizar unha realidade social e económica dunha maior paralización económica, de máis paro e con máis recortes sociais.

Estes orzamentos soamente cabe concluír que producen unha fonda decepción, xa que reflicten unha evidente diminución nos recursos públicos destinados ás políticas sociais como educación, sanidade, políticas de creación de emprego e benestar. Representa máis do mesmo, uns orzamentos resignados, pesimistas, que consagran a parálise da actividade económica e do mercado laboral e nos cales o propio Goberno autonómico vén de recoñecer que para o ano 2011 non se creará emprego en Galicia. E lamentablemente vanse continuar perdendo os diferenciais positivos dos que Galicia disfrutaba, tanto en termos de crecemento como de emprego, nos primeiros meses do ano 2009.

Esta rendición a nivel macroeconómico leva ao Goberno galego a recorrer ademais a un endebedamento excesivo e supón un evidente retroceso en políticas sociais.

Así a Comunidade Autónoma galega continúa endebedándose de xeito desproporcionado, algo que non só contradí a posición anterior do actual presidente da Xunta de Galicia, senón que ademais resulta contradictorio con que simultaneamente se reduzan algúns impostos sen a máis mínima perspectiva redistributiva.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Deste xeito o endebedamento para o 2011 será superior aos 6.000 millóns de euros, mentres que o investimento productivo vai decrecer notablemente o ano que vén, arredor dun 35% situándose na orde dos 800 millóns de euros, a pesar de todos os artificios contables presentados. Coa incorporación non fundamentada do financiamento público-privado excesivo, o escenario vai resultar cada ano máis dramático, xa que continuará aumentando a débeda e a sostibilidade das contas públicas de Galicia estará cada vez máis en cuestión.

Constatamos tamén que a pretendida austeridade era falsa e que os supostos agravios do Goberno de España que a cotío argumenta a Xunta de Galicia, non son máis que coartadas. O que ocorre de verdade é que os escasos fondos para investimento van levar a unha caída máis profunda da actividade económica e a unha perda de poboación ocupada.

O conxunto do presuposto, a pesares do “discurso do realismo” nas contas públicas, está construído sobre unha previsións que non o son tanto. Se hai un ano esperábase crecer moderadamente, nun + 0,2 % do PIB, agora recoñécese que non se logrará fácelo no 2010, e fálase abertamente xa dun estancamento da economía galega. O Goberno galego recoñece, con estes orzamentos, que en 2010 Galicia desaproveitou o Xacobeo, e o diferencial positivo de crecemento fronte a España vaise reducindo.

Respecto ás previsións realizadas para o ano 2011, a taxa de paro prevista para este ano nun 15 %, aumenta para o exercicio que vén, polo que a propia Xunta recoñece que súa previsión da evolución do desemprego será peor que para o ano anterior.

A Xunta de Galicia vén de aprobar recentemente o Plan estratéxico 2010-2014. Xa neste primeiro orzamento existe unha desviación moi considerable, superior a un 8 % en canto ao volume de recursos orzamentarios que aparecían no plan, mentres que o financiamento privado aumenta un 5% sobre as previsións do documento do Plan, e que ademais parece unha cantidade claramente inexecutable para o 2011.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Certamente, este escenario de parálise no presente vese agravado pola insostibilidade do futuro, xa que se agudiza a falla de sostibilidade e a falla de rigor das contas públicas. Prodúcese unha importante caída do aforro público; así o aforro neto (diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes) continúa diminuindo, e representa apenas o 6% dos gastos de capital. Sen aportes externos (Administración Xeral do Estado e Unión Europea) e sen endebedamento, a Xunta de Galicia non tería fondos nin para rematar os proxectos que están en marcha.

Se o aforro corrente situábase para o ano 2009 en 1.423 millóns de €, no 2010 baixa a 276 millóns de € para o no 2010, e teoricamente o documento remitido o fixa en 372 millóns de € para o 2011. Non obstante, se descontamos os 243 millóns recollidos como ingresos no orzamento, pero que a Xunta - como o resto de comunidades autónomas e de acordo co financiamento acordado co Estado - o aforro real sitúase nos 129 millóns de €, unha cantidade que reflicte unha caída do 91 % do aforro corrente nos anos de Goberno Feijóo.

Estes datos evidencian o fracaso da suposta política de austeridade, pois o seu rendemento é nulo e os únicos aforros significativos teñen lugar por decisións do Goberno de España, como sucede cos salarios de funcionarios ou o gasto farmacéutico.

Este descenso do aforro público trae consigo un importante aumento da débeda e unha sobredimensión do financiamento privado. A débeda pública continúa aumentando, e superará os 6.000 millóns de € en canto á débeda formalizada para cando remate o exercicio 2011. E a isto é necesario engadirlle a débeda encuberta do financiamento público-privado para investimentos (da orde de 2.500 millóns de €). Todo o cal, xunto coa devolución de anticipos á Administración xeral do Estado (2.500 millóns de €), lévanos a un volume de endebedamento en torno aos 11.000 millóns de €, o que supón practicamente triplicar nesta lexislatura o endebedamento que atopou Feijóo cando tomou posesión como presidente. E propiciando que a débeda da Comunidade Autónoma supere pois o volume orzamentario total do ano 2011.



Grupo Parlamentario

Por outro lado, prodúcese un drástico recorte dos investimentos, cun descenso dos investimentos reais dun 45 % e dun 41 % nas transferencias de capital, as caídas máis espectaculares en toda a historia da autonomía de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas importantes reducións van provocar que non se van pór en marcha novos proxectos relevantes con cargo aos orzamentos no exercicio 2011. E así, na mesma Memoria do proxecto de orzamento, recóllese que todas as novas infraestructuras de certa importancia (de transporte, de servizos sociais ou en sanidade) serán baixo fórmulas de colaboración público/privada. Uns procedementos máis caros, máis ineficientes e non sostibles nin transparentes cando se trata de xestionar infraestructuras unidas a ámbitos sociais ou sanitarios. E un procedemento que o que fai é prolongar as obrigas financeiras da autonomía e hipotecar futuras actuacións durante moitos anos.

Outro elemento claramente negativo que contén este orzamento é a baixada substancial no apoio a sectores económicos que están atravesando máis dificultades, e a renuncia na loita contra o desemprego e a propia crise.

Temos que sinalar a presentación deste orzamento nun contexto de total ausencia dun modelo económico coherente, cunha absoluta falla de definición de obxectivos e de indicadores dos resultados acadados. Nestes ámbitos só podemos observar a importante caída nos recursos dedicados a eles e unha total ausencia de plans e programas específicos para responder aos retos presentes e impulsar o progreso futuro.

Nun momento como este na loita contra o desemprego, a desaparición da acción político - económica da Comunidade é dificilmente sostible, cando os programas específicos de fomento ao emprego descenden de xeito importante con respecto aos anos anteriores (nun - 10 % no último ano) e cando o número de desempregados é maior.

Da mesma maneira, os programas de apoio aos sectores productivos e o desenvolvemento empresarial presentan un descenso difícil de encaixar. Descenden nun 19 %, uns descensos que afectan a



Grupo Parlamentario

ámbitos moi diferentes da actividade económica, e que en moitos casos terán un efecto moi negativo no necesario proceso de mellora da competitividade da nosa economía, como a caída do 27 % no Plan galego de I+D+i.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tampouco aparecen medidas específicas destinadas o apoio ás Pemes e autónomos, uns dos sectores máis golpeados pola crise, que permitan un acceso máis doado ao financiamento, que faciliten a incorporación de novos traballadores e apoiem a incorporación de novas tecnoloxías nestes ámbitos.

Tamén o reequilibrio territorial vaise ver moi afectado, pois a pesares do discurso oficial do Goberno galego, o descenso de programas como o de infraestruturas e equipamento no medio rural, que descende nun 53 %, ou para a fixación de poboación no medio rural cunha caída do 31 %, demostran a rendición do Goberno galego nestes temas.

A outra gran batería de recortes prodúcese nos servizos sociais, cunha diminución de máis de 620 millóns de euros. O gasto en educación baixa en relación aos anos anteriores 126 millóns de €, sen ter en conta o capítulo de persoal da consellería. O gasto en sanidade baixa en 173 millóns de € sen ter en conta o capítulo de persoal. Da mesma maneira, outros capítulos importantes como a protección e a promoción social rebáixanse en 58 millóns de €.

Estas características sociais e económicas tan negativas, vense acompañadas por unha dimensión política que excede claramente o proceso de aprobación dun orzamento e que reflicte unha importante falla de transparencia. Introdúcese de novo un proxecto de lei de acompañamento que modifica outras moitas leis xa vixentes, e mesmo promove a creación de entes administrativos novos, a pesares do discurso do adelgazamento da Administración.

Así no devandito proxecto de lei de acompañamento, introdúcense dende medidas fiscais, ata a creación da Axencia Tributaria de Galicia, a modificación no réxime financeiro, orzamentario e patrimonial, cambios no eido do desenvolvemento rural, modificación da Lei do solo, da Lei de ordenación do territorio e



Grupo Parlamentario

da Lei de medidas urxentes en materia de protección do litoral, así como modificacións na Lei función Pública e na Lei relativa ao Fondo de Compensación Ambiental de aproveitamento eólico, un caixón de xastre que en moitos pretende incorporar pola porta de atrás elementos que terían unha difícil venda nunha modificación ordinaria da lei.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo tanto, estes orzamentos non responden ás necesidades dos cidadáns de Galicia nun momento de crise como o actual. Non apoian, nin aos axentes económicos e sociais no seu papel de locomotoras para remontar esta situación negativa, nin a aquelas persoas que a consecuencia da crise vexan máis afectados os seus ingresos e teñan, polo tanto, maiores dificultades.

Son necesarios uns orzamentos que vaian na dirección de reforzar a consolidación dun novo modelo de crecemento, máis productivo e competitivo, e tamén de manter sempre o compromiso cos servizos públicos esenciais, e especialmente con aquelas persoas que teñan máis dificultades á hora de desenvolver os seus proxectos persoais e vitais.

Ademais a propia Orde de 18 de maio de 2010 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 95 de 21 de maio de 2010), no seu Anexo IV establece a estrutura por departamentos e centros xestores, señalando as entidades que deben conforman ditos orzamentos. Incluso se sinala que “ademais das entidades que se sinalan, poderanse introducir aqueloutras que expresamente determine a Dirección Xeral de Orzamentos”, confirmando que, como mínimo, deberán figurar os entes que se inclúen en dita relación.

Non obstante, existen diversas entidades as cales non forman parte do proxecto de lei de orzamentos aprobados pola Xunta de Galicia e remitidos ao Parlamento, tal e como fixaba a devandita Orde da conselleira de Facenda.

Así sucede con diversas entidades que a Xunta de Galicia inclúe na súa normativa para elaboración orzamentaria, tal e como sucede para o Instituto Feiral de Vigo, todas as fundacións comarcais de



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Galicia, a Fundación Galicia Emigración ou a Axencia Humanitaria de Galicia, diversos consorcios (como os Consorcios Comarcais de Servizos Contraincendios e Salvamento, ou o Consorcio provincial da Coruña de Servizos Contraincendios e Salvamento, así como o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, ou o Consorcio de Bibliotecas Universitarias) e empresas participadas (como o Parque Tecnolóxico de Galicia).

Parecería necesario e conveniente que a propia Xunta de Galicia respectara e cumprira as ordes que emite.

Por todo o anterior, presentase esta emenda á totalidade e pedimos a devolución do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, para a súa reformulación completa polo Goberno da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:17:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:36
Nº Rexistro: 54033
Data envío: 08/11/2010 16:36:51.333

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011.

O GP do BNG entende que estes non son os orzamentos que Galiza precisa para combater a crise en beneficio da maioría social. Ben ao contrario, o proxecto presentado polo goberno agravará a crise e acentuará as desigualdades, endurecendo as condicións de vida dos galegos e galegas tal e como a seguir se xustifica:

1. O propio documento goberamental reconece que este orzamentos terán unha contribución negativa sobre a evolución do PIB e prevé que durante 2011 continúe a destrución de emprego, sen facer nada para evitalo.
2. A austeridade selectiva que a Xunta practica serve como excusa para acometer o maior recorte orzamental na historia da autonomía en detrimento do gasto social, do investimento produtivo, das políticas de dinamización económica e da normalización da nosa lingua e cultura nacionais. O 40% dos 1177M€ de recorte con relación a 2010 afecta ao gasto social e máis do 25% ás políticas de dinamización económica, incluíndo o drástica redución das partidas destinadas a I+D+i. Por outra parte tres de cada catro euros do orzamento van para gasto corrente entanto o investimento cae máis dun 30%.
3. O proxecto teima nunha distribución regresiva das cargas tributarias ao tempo que desiste de incrementar a recadación como meio preferente de corrixir o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:36
Nº Rexistro: 54033
Data envío: 08/11/2010 16:36:51.333

desequilibrio fiscal. Non se incrementa a presión fiscal no tramo autonómico do IRPF sobre os que máis gañan e incrementáanse as desgravacións fiscais de carácter regresivo que sen ter efecto ningún sobre a dinamización económica reducen gravemente a capacidade da facenda galega. No entanto introdúcese un novo canon sobre o consumo da auga que van pagar todos os galegos e galegas sexa cal for a súa capacidade económica.

Por todas estas razóns, solicítase a DEVOLUCIÓN ao goberno do proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2011.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:31:39



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 04.- Presidencia

Os orzamentos da sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia, sintetizan as dúas liñas estratéxicas do anteproxecto de lei: forte minoración do gasto social e abandono do investimento productivo.

Entre os diferentes programas de gasto social que xestiona a Presidencia da Xunta, teñen especial importancia social os programas dedicados á igualdade, promoción, protección e conciliación que tentan mellorar as oportunidades e evitar causas de discriminación nas mulleres. O conxunto deses programas minora nun 16% cando a minoración total do orzamento da Presidencia é dun 11% a respecto do ano 2010. Xurde así unha discriminación orzamentaria dirixida aos sectores da poboación con máis risco e vulnerabilidade. Se a minoración establececese en comparación co orzamento do 2009 a caída é dun 79%, é dicir, estase producindo o desmantelamento das políticas de igualdade actualmente xa en cifras simbólicas.

O programa de migracións que atende en especial aos residentes galegos no exterior, vese minorado nun 32%, o triple de caída que a media da Presidencia. O programa de deportes minora nun 35%, nalgúns conceptos como o investimento redúcese ata un 87% e na transferencia de capital ás corporacións locais para investimentos deportivos redúcese nun 94%.

En canto ao orzamento productivo, o programa de fomento do audiovisual vese minorado nun 54% con respecto ao ano anterior.



Grupo Parlamentario

Confirmase así a desigual distribución orzamentaria da minoración dos ingresos. Fronte ao continuísmo no funcionamento da Administración, as actuacións dirixidas a mellorar a vida das persoas ou ao pulo da economía, quedan adiadas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En consecuencia presentase emenda á totalidade de devolución a esta sección orzamentaria.

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:44:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:38
Nº Rexistro: 54037
Data envío: 08/11/2010 16:38:18.034

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

- 1.- Evidenciar que o gasto social non é unha prioridade para a Xunta xa que se reducen os programas de igualdade e emigración.
- 2.- Non son orzamentos que teñan como prioridade mitigar o impacto da crise xa que nin se cita unha soa vez na memoria nin se ten presente para explicar as alteracións do gasto que se producen en relación cos orzamentos de 2010.
- 3.- Son orzamentos que siguen a senda de incrementar mais o gasto dentro que fora e xa que logo son orzamentos que evidencian unha ineficiencia grande.
- 4.- Non se aplica o mesmo criterio de redución de gasto aos funcionarios que ao persoal de gabinete.
- 5.- Reducense sensiblemente os investimentos en aspectos como deportes ou políticas de igoaldade

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:38
Nº Rexistro: 54037
Data envío: 08/11/2010 16:38:18.034

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:33:42



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 05.-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1.º) O Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza non responde ás necesidades da Administración pública galega nin á mellora dos servizos que se prestan á cidadanía en materia de xustiza, emerxencias ou seguridade.

2.º) O incremento do gasto corrente no conxunto da Administración xeral da Xunta de Galicia amosa un claro déficit nas políticas de redución do gasto, evidenciando o nulo interese do actual Goberno para mellorar a eficiencia na prestación de servizos na Administración pública galega.

3.º) A baixada nun -0,8% nos orzamentos da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza prodúcese a costa das políticas de seguridade e da mingua de ingresos incondicionais para os concellos galegos, pero sen recortar gastos superfluos ou prescindibles.

4.º) No conxunto da sección pódese observar como se dedican 9 de cada dez euros a gasto corrente en detrimento dos investimentos en materia de seguridade pública.

5.º) Prodúcese un incremento nos gastos de persoal que non se explica en termos de mellores servizos para a cidadanía. Existe un incremento dos custos de persoal o que fai que o orzamento do conxunto da Administración xeral só teña unha redución do 1,13%.



Grupo Parlamentario

6.º) A redución dos recursos económicos dedicados de forma incondicional aos concellos galegos é significativa e contraria ás propostas defendidas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) que ten solicitado o mantemento dos fondos incondicionais de cooperación cos concellos e non a súa redución.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7.º) O mantemento da figura dos delegados e delegadas territoriais e os seus respectivos gabinetes son contrarios ás políticas de austeridade pregonadas polo propio presidente da Xunta, ademais de ser unha estrutura que non ten aportado ningunha mellora ao funcionamento da Administración pública galega.

8.º) No ámbito das relacións exteriores existe unha perda progresiva de créditos, imposibilitando unha acción exterior sostida. Así o orzamento total do programa minora un 14'45% sobre o ano anterior, e con respecto á toma de posesión da Xunta actual (2009), un 28'55%.

9.º) No ámbito das emerxencias e das políticas de seguridade o orzamento baixa un 13,3 % e vese unha clara renuncia á construción dos parques de bombeiros pendentes e comprometidos pola Xunta de Galicia para o ano 2011 así como un descenso importante nos programas destinados á mellora da seguridade cidadá.

10.º) O orzamento en materia de Xustiza diminúe no programa de servizos á cidadanía e dificulta a axilización da implantación da oficina xudicial, tal e como denunciaron os profesionais galegos/as.

11.º) Estes orzamentos consolidan a demora na implantación na oficina xudicial e, polo tanto, o afastamento da Administración de Xustiza en Galicia respecto ao resto do Estado, o que condiciona o exercicio dos dereitos e liberdades da cidadanía galega.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:45:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:41
Nº Rexistro: 54042
Data envío: 08/11/2010 16:41:09.968

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

1.- Evidenciar que o gasto social non é unha prioridade para a Xunta xa sendo a consellería que se encarga do gasto que xenera a administración é a que menos reduce os orzamentos de todas as consellerías. O 0,8% fronte ao mais do 10% de redución media e moito menos que educación, sanidade, ou políticas sociais. Aínda por riba na propia sección os programas como Avaliación e calidade da administración pública, Dirección e servizos xerais de administración xeral son dos que notan menos o impacto da redución, fronte Cooperación exterior ao desenvolvemento, Corporacións Locais, Servizos xerais da xustiza, ou Protección civil e seguridade da comunidade autónoma, que teñen unha redución moi sensible.

2.- Non son orzamentos que teñan como prioridade mitigar o impacto da crise xa que nin se cita unha soa vez na memoria nin se ten presente para explicar as alteracións do gasto que se producen en relación cos orzamentos de 2010.

3.- Son orzamentos que siguen a senda de incrementar mais o gasto dentro que fora e xa que logo son orzamentos que evidencian unha ineficiencia grande. Casi 9 de cada dez euros son gasto corrente que incrementa o seu peso respecto dos orzamentos totais ao reducirse sensiblemente os gastos de capital.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:41
Nº Rexistro: 54042
Data envío: 08/11/2010 16:41:09.968

- 4.- Non se aplica o mesmo criterio de redución de gasto aos funcionarios que ao persoal de gabinete.
- 5.- Renunciase a ir no camiño de creación da policía propia e incrementase o gasto en seguridade privada.
- 6.- Consagrarse definitivamente a folia de ruta para privatizar os consorcios de bombeiros.
- 7.- A pesares de ser orzamentos que non se incrementan e restrictivos, manteñense practicamente as transferencias correntes a organismos autónomos como a EGAP ou Academias de seguridade e a Fundación Galicia Europa.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:33:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 06. Consellería de Facenda

Para o ano 2011 a Consellería de Facenda non aporta ningunha estratexia de reactivación da economía e o emprego de Galicia, mentres empeoran o presente e hipotecan o futuro.

Estes orzamentos obrigan ás familias e ás empresas galegas a soportar o custe da crise mentres a Administración autonómica permanece de brazos caídos.

Cunha previsión de deterioro dos servizos públicos e o emprego o Goberno galego continua instalado nas rebaixas insolidarias de impostos que castigan ás familias de menos recursos.

Para o 2011 o orzamento amosa a falsa austeridade da Xunta xa que as únicas partidas que medran son os gastos de funcionamento.

Porque non presenta unha visión global da económica nin unha estratexia de política económica de resposta á crise.

Por non realizar unha análise e avaliación da eficacia e eficiencia do gasto público que permitan aforros de gasto corrente sen empeorar os servizos e o apoio ás familias e ás empresas.

Porque continúan a privatización de servizos públicos básicos como a atención sanitaria.

Porque maquillan o orzamento con actuacións extraorzamentarias sen precisar os seus efectos sobre a solvencia financeira de Galicia.



Grupo Parlamentario

Porque as encomendas de xestión á SPI só intentan agochar a incapacidade de xestión da Xunta e non obedecen a ningún criterio de racionalidade económica.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Porque non teñen rigor, transparencia nin credibilidade.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:47:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:41
Nº Rexistro: 54045
Data envío: 08/11/2010 16:41:49.998

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:


1. Por que na caída máis importante da historia dos recursos económicos da Xunta de Galiza, non figura nengunha alternativa para reducir o impacto negativo que vai a producir sobre a situación socioeconómica de Galiza.
2. Por facilitar a privatización dos servizos públicos básicos, como a sanidade, o ensino ou o benestar social.
3. Por recuperar a Lei de Acompañamento como instrumento para modificar aspectos moi importantes das leis sen as garantías da tramitación ordinaria das mesmas.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:41
Nº Rexistro: 54045
Data envío: 08/11/2010 16:41:49.998

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:34:05



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 07. Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

O Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia, no que atinxe á Sección 07 correspondente á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas e dos organismos dela dependentes amosan o fracaso das políticas do Goberno galego á hora da utilización e mobilización dos investimentos produtivos para xerar emprego e riqueza, para liderar a saída da crise e para que a nosa Comunidade perciba unha segunda modernización nas súas infraestruturas de comunicación, nas políticas ambientais, no parque inmobiliario ou no solo produtivo.

Son uns orzamentos que continúan na liña de resignación e parálise iniciado no exercicio anterior e certificado da incapacidade deste amplísimo departamento á hora de licitar e adxudicar obra pública, de cumprir os prazos previstos no desenvolvemento das infraestruturas, e de levar a cabo novos proxectos. Unha vez máis, fronte ao reto do crecemento económico e do respaldo aos sectores produtivos, atopamos a cultura da supervivencia.

Á análise xeral que facemos das cantidades orzamentadas, debemos engadir a falla de credibilidade diante das previsións de investimentos derivados do sector privado, previsións que non poden hoxe máis que poñerse en cuestión, tendo en conta o acontecido, ata o momento, co investimento privado previsto pola Xunta no exercicio orzamentario anterior, e polas dúbidas manifestadas abertamente polo sector privado, respecto á capacidade para acceder aos créditos necesarios.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así, a redución orzamentaria da Consellería sitúase nun 32,67%, triplicando a baixada media do conxunto do orzamento da Xunta de Galicia. Este dato indica con claridade a renuncia ao investimento produtivo, e anuncia un novo ano de atrasos e adiamentos nas infraestruturas no que xa se perfila como unha lexislatura perdida en materia de comunicacións. Cómpre salientar que a baixa dun 30% nos investimentos da Dirección Xeral de Infraestruturas nun 38,4% nas transferencias de capital desta non poden máis que reforzar este argumento de parálise, confirmado, ademais, pola reforma substancial á baixa, do chamado Plan Move apenas uns meses despois da súa presentación mediática.

Se os investimentos en obra pública serán escasos, a redución drástica en investimentos e transferencias correntes e de capital (-64%, -67,6% e -76,1% respectivamente) nos orzamentos da Dirección Xeral de Mobilidade, anticipan un ano perdido para as comunicacións e o transporte público en Galicia. De novo os plans de transporte metropolitano, os proxectos de metro lixeiro das áreas metropolitanas e urbanas e as políticas dirixidas a potenciar modos alternativos de transporte son os grandes perdedores dos orzamentos. Baste sinalar os escasos 8.000 euros que se dedicarán a estudos para aparcamentos disuasorios, os 54.000 euros para a creación do Ente Xestor Ferroviario, e as cantidades que se dedican ás axudas para o uso do transporte público: 6.700.000 €, cantidade moi por debaixo ás que dedican calquera das grandes urbes galegas.

A diminución dos orzamentos dedicados ás políticas ambientais vén a sumarse aos recortes producidos no orzamento anterior e que poñen de manifesto a escasa relevancia que estas políticas teñen no actual Goberno. A inactividade neste ámbito ten ademais como consecuencia o mantemento dunha parte moi importantes das nosas rías sen sanear, incumprindo a Directiva Marco da Auga e correndo o risco de afrontar novas multas como as que xa sufriu Galicia no ano 2005. Os recursos dedicados, tanto dende a Consellería como dende os organismos, Augas de Galicia e a EPOSH, non é máis que a constatación de que non hai unha vontade manifesta de cumprir os retos ambientais esixibles no momento actual e que algúns documentos aprobados como o Plan hidrolóxico, se fixo cunha perspectiva recadatoria, baixo criterios pouco ambientalistas e agora



Grupo Parlamentario

quérese publicitar dedicando á súa “difusión” a cantidade de 2.270.000 euros, nun exercicio pouco coherente coa austeridade que di defender este Goberno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No que atinxe ás políticas de residuos mantense unha aposta *cuasi* única pola icineración e por ampliar os vertedoiros de Sogama. A redución de orzamento dedicado a esta instalación en 86.000.000 €, a previsión de incrementar o canon dos residuos, e o feito de reservar cinco millóns escasos a un Plan de residuos que ten un orzamento previsto de 500.000.000 € (co que levaría cen anos desenvolve-lo con estas previsións orzamentarias) amosa o escaso rigor co que están deseñados os orzamentos no que atinxe ás políticas ambientais, tanto da Consellería como dos organismos e empresas dela dependentes.

Se a protección do medio ambiente non recibe as cantidades precisas para o cumprimento dos requirimentos actuais, tampouco dende as políticas urbanísticas hai unha mobilización de recursos que permitan esperar o desenvolvemento dos instrumentos cos que conta a Xunta para velar pola legalidade urbanística, protexer o territorio e poñer en marcha as estratexias territoriais precisas para a modernización de Galicia. Os recortes por riba dun 38% nos orzamentos dedicados a urbanismo así o sinalan continúan nunha senda de desmantelamento do protagonismo da Aplu, que foi iniciada xa o pasado ano coa reforma estatutaria e o recorte de funcións. Para maior abundamento, a modificación da LOUGA que se recolle na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan aos orzamentos 2011, amosan a dirección de asolagamento do territorio na que se mantén este Goberno.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:47:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Estamos perante uns orzamentos que amosan novamente a falla dun proxecto estratéxico para Galiza, uns orzamentos que poidan servir como revulsivo para paliar a fonda crise económica na que nos atopamos, e que evidencian por segundo ano consecutivo como o Partido Popular é incapaz de xestionar o país e desenvolver políticas acidas para as maiorías sociais, políticas decididas e planificadas que xeren riqueza e emprego. Orzamentos ficticios e polo tanto irresponsabeis pola previsión outro ano máis no investimento privado, que xa fixo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no ano 2010 e da cal só acadou o 8%. Non son as medidas que o Bloque Nacionalista Galego defende como estratéxicas e prioritarias, e que se sitúan dende logo moi lonxe do que defende o Partido Popular, como reflicten estes orzamentos. Os números retratan con total clareza e dureza a falta de apoio as políticas que precisa o noso país.

Amosan unha forte caída do investimento real, de xeito tal, que todas as que terían que ser liñas prioritarias sofren unha importante minoración. Son orzamentos moi alonxados das políticas medio ambientais, urbanísticas e de ordenación do territorio, de vivenda, de infraestruturas e de pulo ao transporte público con especial incidencia no tren de cercanías, a planificación do transporte aéreo, ou o de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

mercadorías que dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos terían que ser outras .

POLITICAS MEDIO AMBIENTAIS

Os orzamentos para o ano 2011 reflexan claramente que non se teñen previsto abordar os graves problemas medioambientais de Galiza. A redución do 20,87% dos orzamentos destinados a actuacións ambientais e mostra clara de que a sostibilidade ambiental non é prioritaria para o goberno galego.

A redución do investimento en planificación e xestión hidrolóxica, así como en infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento, fan totalmente imposible cumprir as disposicións relativas á calidade das augas da Directiva Marco da Auga no 2015.

Tampouco reciben por parte destes orzamentos a atención nen os recursos necesarios, asuntos de tanta importancia como é o control ambiental e a xestión de residuos, o fomento da sustentabilidade ou a loita contra o cambio climático.

Resumindo, son estes uns orzamentos que reflexan a falta total de interés que ten a administración autonómica polo medio ambiente.

INFRAESTRUCTURAS

Nas políticas de infraestruturas afondase no modelo de inclusión de capital privado, que non é máis que a privatización das infraestruturas viarias, os chamados proxectos públicos-privados a cambio dunha concesión da explotación ou



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

dunha peaxe na sombra, coa novidade de incluír un novo modelo de contrato que é o chamado canón por disponibilidad despois do fracaso na adxudicación da autovía Carballo-Berdoias e que aínda non se ten explicado con clareza no Parlamento perante a insistencia do BNG pola hipoteca de futuro que teñen algúns de estes contratos.

En materia de seguridade viaria e dada a particularidade do noso territorio e polo tanto o trazado moitas veces non axeitado ao mesmo, precisa dun maior esforzo económico para a mellora e mantemento da rede autonómica de estradas, co fin ademáis de reducir a siniestralidade.

ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO

No referido ás cuestións que teñen que ver coa ordenación do territorio e o urbanismo como disciplina, como ferramenta de actuación, a porcentaxe adicada ás mesmas é claramente insuficiente. Sempre defenderemos dende o Bloque Nacionalista Galego as políticas baseadas na planificación e na xestión, e os orzamentos que se propoñen para este fin non dan sustento a que se poida avanzar neste aspecto.

TRANSPORTE

No referido ao transporte podemos comprobar as graves incoherencias do que recolle a memoria, é dicir o políticamente correcto, e a realidade: os números. Falan de planificar e poñer en marcha o servizo de proximidade, e a creación dun ente ferroviario propio, pero a partida adicada a tal investimento é aínda menor que no ano 2010 que era de 90.000 euros e que no 2011 rebaixase a 54.000. Unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

auténtica tomadura de pelo que retrata a importancia que o Partido Popular lle concede ao transporte público, basta ver a partida adicada aos estudos para unha mobilidade alternativa que é de 48.000 euros.

A planificación e construción de aparcadoiros disuasorios conta con 8.000 euros para o vindeiro ano, o que é lóxico se pensamos que non lles interesa outro tipo de transporte e polo tanto non se precisan este tipo de espazos, pero tampouco a promoción e desenvolvemento dunha rede intermodal de transporte de mercadorías, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros para os transportistas, con especial fincapé no de mercadorías perigosas.

Os números retratan con dureza a súa estratexia, que non é outra que a falla de interese polas infraestruturas precisas para o apoio dos transportistas.

E no referido un orzamento dun millón de euros para as liñas de baixo custe. a planificación do transporte aéreo na Galiza non aparece nin unha soa partida.

VIVENDA

En materia de vivenda a baixa nos orzamentos é dun 40,01%. Unha minoración de 65.148.612 millóns de euros que amosa, ben ás claras, que a vivenda non é unha prioridade para o goberno galego.

Estes orzamentos non van axudar á cidadanía, e nomeadamente ás persoas con menos recursos económicos, a acceder a unha vivenda de calidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

A importante rebaixa que se fai nestes orzamentos das partidas para o fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, así como para o acceso á mesma, supoñen o desmantelamento da política social de vivenda.


En definitiva estes non son os orzamentos que o Bloque Nacionalista Galego entende acados para saír da crise, os investimentos que precisa un país para modificar os erros do pasado, e que provocaron graves estragos medio ambientais e paisaxísticos no noso territorio. Un xeito de facer política que non aposta por infraestructuras planificadas: viarias, portuarias e aeroportuarias, co fin de desenvolver unha economía productiva. Unha política que non cré nunha rede de transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ou no transporte de rías, que lle oferte aos galegos unha mobilidade eficiente e alternativa ao uso do vehículo privado co aforro que esto supón en tempos de crise.

Políticas que non crén nos modelos planificados dende o público das políticas de vivenda, deixando que sexa o mercado de novo quen o decida, convertendoo deste xeito nun produto non de uso, senón de consumo, e polo tanto presa fácil como foi, da feroz especulación. Por todos eses motivos e que solicitamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:47
Nº Rexistro: 54047
Data envío: 08/11/2010 16:47:33.976

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:34:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 08. Consellería de Economía e Industria

Os orzamentos da Consellería de Economía e Industria, presentan disfuncións importantes que non van permitir ao Goberno acadar os obxectivos estratéxicos necesarios nun momento de crise como o actual, e que, en maior ou menor medida, aparecen na propia Memoria dos Orzamentos.

É un orzamento carente de planificación de futuro, de feito na maior parte dos casos non aparecen as futuras anualidades das diferentes fichas. O que, na nosa opinión, fai moi complexo o desenvolvemento de programas de competitividade das nosas empresas a medio e longo prazo.

A maior parte das partidas non inclúen practicamente ningunha territorialización do gasto, o que os converte nuns orzamentos opacos que van permitir un elevado grao de discrecionalidade.

Ademais, ante a intensidade da crise e a perda de peso dos orzamentos desta consellería, atopámonos ante unha declaración voluntarista e de *marketing*, soamente aproximada á realidade.

O orzamento da sección 08 pasa 365,7 millóns de euros no ano 2010 a case 262 no 2011, baixa máis de 100 millóns de euros, un 28.3%, a segunda consellería que máis perde en termos porcentuais.

Derívase pois que os orzamentos da Consellería de Economía e Industria, non son unha prioridade do Goberno galego, xa que os seus



Grupo Parlamentario

orzamentos están moi por debaixo da media do conxunto do orzamento galego, un descenso case tres veces maior.

Os orzamentos desta sección seguen un camiño descendente do seu peso no conxunto dos orzamentos da Xunta. Representan a perda doutro ano máis en materia de investigación, innovación, de política industrial e enerxética e do comercio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Mantense no seo da Presidencia da Xunta, o ámbito da Sociedade da Información e as Telecomunicacións, que na nosa opinión son ámbitos esenciais nun cambio de modelo productivo, e que debilita moito a estrutura e os obxectivos desta Consellería.

No ámbito da industria e a enerxía, botamos en falta plans concretos de apoio aos diferentes sectores productivos, así como a importante caída nos programa estratéxicos neste ámbito, máis do 35% no programa “*Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial*”; e o programa “*Regulación e soporte da actividade industrial*” cae un 30%.

Na enerxía, o mesmo, o programa “*Eficiencia enerxética e enerxías renovables*”, cae un 52%; e o programa “*Infraestructuras enerxéticas*” cae un 20%, cando xa caíra un 22.6% entre 2009 e 2010.

O programa: “*Fomento da minería*”, ten unha caída do 66%, practicamente a desaparición da Administración autonómica deste ámbito, que ten un peso relevante en políticas de reequilibrio territorial.

Doutra banda, a dimensión do reequilibrio territorial, desaparece totalmente do presuposto da sección 8, e nos plans, Impulsa Lugo e Ourense, os incentivos empresariais lídeiros sorprendentemente a Consellería de Presidencia. Así mesmo, as partidas para comercio, cun importante papel no reequilibrio territorial, especialmente no caso do pequeno comercio, sofren unha caída importante, xa que o programa “*Ordenación e promoción do comercio interior*”, baixa un 33%.



Grupo Parlamentario

No caso do I+D+i, os planteamentos non responden en absoluto ás necesidades do momento económico. O programa 561A “*Plan galego de I+D+i*”, baixa un 27%, cando xa baixara un 12% no orzamento anterior). O que hai que restar aos 20 millóns de euros que pasarían a XES Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Parécenos especialmente salientable o desmantelamento dos sistemas públicos en termos de capital humano que contén este orzamento, a caída nos fondos para Formación Profesional, a caída das bolsas para universitarios ou a paralización no ano 2010 do Plan INCITE.

Unha situación que vai supor que a brecha investigadora e tecnolóxica que existía en Galicia, e que diminuíu de forma importante entre 2006 e 2009, volverá lamentablemente a aumentar. E polo tanto, a suposta converxencia en I+D+i con España e con Europa nin se espera nin se deduce destes orzamentos.

En síntese, os presupostos da sección 08, reflicte nunha perda de peso da Consellería, tanto político, como instrumental á hora de enfrontarse a crise económica. Non son en ningún caso un instrumento axeitado como políticas anticrise, son unha claudicación ante a crise, adornada dunha falsa austeridade.

En consecuencia presentase emenda á totalidade de devolución a esta sección orzamentaria.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:47:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:48
Nº Rexistro: 54048
Data envío: 08/11/2010 16:48:26.257

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Economía e Industria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

1. A presente proposta de orzamentos por parte da Consellería de Economía e Industria é unha rebaixa significativa (28,3%) con respecto ao ano anterior e perde peso no conxunto do orzamento consolidado, cando debera ser unha consellería significada na presentación de políticas que representaran unha resposta á crise económica e á creación de emprego.
2. Continúan reducindo o esforzo orzamentario no I+D+i e abandonando as políticas orientadas ao fortalecemento deste sistema, base do incremento da competitividade das empresas e dun modelo produtivo.
3. Reducen dun xeito drástico os investimentos no comercio, un dos sectores mais castigados pola crise.
4. Significan unha desorientación no fomento das enerxías renovábeis e unha improvisación.
5. Abandonan a mellora do subministro eléctrico ao reducir significativamente o Plan de Electrificación.
6. Reducen os investimentos no Plan do Carbón.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:48
Nº Rexistro: 54048
Data envío: 08/11/2010 16:48:26.257

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:34:31



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 09.- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Os Orzamentos 2011 correspondentes á Sección 09 – Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en ningún modo se corresponden cos obxectivos reflectidos na propia memoria dos orzamentos. A actual situación de crise non pode en ningún caso servir como obxectivo ao cadro orzamentario que nos presentan. En todo caso, a actual conxuntura esixiría ter claras as prioridades precisas para afrontar unha solución de futuro e crear as condicións que posibiliten o cambio a un novo modelo de desenvolvemento.

Estes orzamentos en ningún caso apuntan nesa dirección, e polo tanto, entran en total contradición cos obxectivos pretendidos que distan moito de poder ser acadados coa configuración orzamentaria proposta.

Múltiples son as razóns coas que podemos xustificar as anteriores afirmacións, de entre todas elas procedemos a sinalar as seguintes:

- Unha diminución do 36,66% no programa de Fomento da lingua galega, que amosa unha gravidade maior se temos en conta que este programa xa contara nos orzamentos do ano 2010 cunha redución do 18,96%, o que fai que a redución deste programa experimentase en dous anos unha redución global do 48,67%. Esta situación impide claramente dar resposta aos obxectivos previstos na memoria.
- Un recorte no programa de ensinanzas universitarias do 6,78% que reviste unha grande importancia, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo, sendo ademais o segundo ano no que se producen estes



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

recortes o que se traduce nunha redución real en dous anos do 12,45%. Obrigatorio resulta salientar dúas cuestións singulares, como a baixada da partida de Bolsas ao Alumnado Universitario, que experimenta unha redución do 48,55%, ou os recortes nos programas de I+D+i que, se falamos do conxunto das partidas afectadas, reflicten unha redución do Plan de I+D+i dun 25%, cuestión que vai claramente en contra dos obxectivos proclamados nestes orzamentos.

- Respecto dos servizos complementarios de comedor escolar, resulta destacable a importante baixada dun 28,5% nas axudas para as ANPAS que xestiona o servizo de comedor escolar. Unha situación que, ademais en tempo de crise, vai en contra dos obxectivos reflectidos nestes orzamentos.
- Destacable resulta tamén a redución dun 7,87% do Programa 422-M de Ensinanza Secundaria e Formación Profesional. Debemos recordar que potenciar e impulsar as ensinanzas de Formación Profesional debe representar un dos principais obxectivos estratéxicos cara á excelencia do noso sistema educativo e cun protagonismo esencial nos momentos actuais, e de cara ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa. Algo que non pode corresponderse con ningunha redución dos orzamentos dedicados a esta finalidade.
- O Programa de Prevención do Abandono Escolar soporta unha redución do 21,48% cuestión que non pode entenderse nunha situación na que resulta preciso que o Sistema Educativo constitúa unha importante forza atractora para conseguir incrementar o número de alumnos que continúen a súa formación con éxito e permanezan no sistema educativo nas etapas postobrigatorias.
- No que respecta ao Capítulo VI, prodúcese unha significativa redución dun 43,31% respecto do ano 2010, que se incrementa ata acadar o 52,07% se excluimos o investimento inmaterial. Esta situación non permite dar resposta ao estado actual da rede de centros do sistema educativo público.



Grupo Parlamentario

- Respecto da aprendizaxe de linguas estranxeiras, a realidade orzamentaria ofrécenos unha panorámica na que se pode observar unha redución real dun 23,33% das partidas dedicadas a esta finalidade, por moito que se pretenda enmascarar con conceptos que nada teñen que ver con esta finalidade. Esta redución concrétase ademais nun recorte bianual dun 34,44% respecto do orzamento do ano 2009.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais destas partidas, poderíamos continuar sinalando outras cuestións non menores, como por exemplo as partidas dedicadas ás ensinanzas musicais, á formación do profesorado, ao Mupega, á participación da comunidade educativa, etc., etc., que completarían un cadro que amosan a imposibilidade de acreditar os orzamentos 2011 da Consellería de Educación se o que pretendemos é achegarnos a un sistema educativo público de calidade, equidade e excelencia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2011

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:48:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:49
Nº Rexistro: 54049
Data envío: 08/11/2010 16:49:00.131

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

1. Para mellorar a calidade educativa é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma en igualdade de condicións para todos os nenos e nenas. Esta premisa é aínda máis importante en época de crise, xa que podemos ver acentuadas as diferencias entre as familias para poder garantir un acceso igualitario á educación. Sen embargo, os orzamentos de Educación sofren unha baixada importante -6,8%- que alonxa cada vez máis a Galiza de conseguir o obxectivo de aproximarse ao 6% do PIB.
2. Redúcese drasticamente a partida de investimentos. Redución que pode chegar a poñer en perigo a conservación e mellora dos centros de ensino públicos.
3. A redución é moi significativa en partidas que teñen como destinatario directo o alumnado. Así as bolsas para aprendizaxe de idiomas sofren un recorte do 35,14%, as bolsas para realizar prácticas en empresas de formación profesional un 52,9 %, as bolsas para o alumnado universitario 48,55%. Cómpre sinalar o elevado recorte que sofren as axudas ás ANPAs para a xestión de comedores escolares que chega a un 35%. Como podemos ver nun contexto onde os orzamentos da Xunta de Galiza baixan un 10% a redución tan importante que sofre o apoio ao alumnado máis necesitado mostra que considera o goberno



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:49
Nº Rexistro: 54049
Data envío: 08/11/2010 16:49:00.131

galego prioritario a hora de confeccionar os seus orzamentos.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:34:40



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 10. Consellería de Sanidade

- Son orzamentos incongruentes cos obxectivos estratéxicos.
- Son orzamentos que renuncian á promoción da saúde entre os galegos.
- Consolidan o financiamento privado da sanidade
- Non aborda a loita contra as drogodependencias dunha maneira integrada.
- Non contempla recursos sociosanitarios coordinados coas estruturas do Sergas.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:48:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:49
Nº Rexistro: 54050
Data envío: 08/11/2010 16:49:40.286

Á Mesa do Parlamento

○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Sanidade, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:

- Son uns orzamentos que reducen os recursos da Sanidade pública galega, en termos absolutos e porcentuais, cunha rebaixa de 183 millóns de euros sobre o exercicio 2010 no orzamento consolidado, un 4,9% menos. Uns orzamentos incapaces, polo tanto, de afrontar os retos dunha sanidade pública que cada vez ten máis demandas non atendidas da cidadanía.
- Desaproveitan a oportunidade de utilizar o recorte no salario dos funcionarios aplicado directamente polo decreto estatal para reforzar espazos de funcionamento deficiente por falta de recursos como a capacidade resolutiva da atención primaria ou as medrantes listas de espera na especializada.
- Contabilizan como recorte a previsión de aforro en gasto farmacéutico que podería producir a posta en marcha do novo catálogo de medicamentos pero non se reinverte en sanidade.
- Mantén a aposta polo sistema PFI para a construción de novas infraestruturas a pesar de que non foron capaces de licitar o que estaba previsto para 2010 e de feito eluden facer compromisos de licitación por ese sistema para 2011, pero non aportan alternativas.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:49
Nº Rexistro: 54050
Data envío: 08/11/2010 16:49:40.286

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:34:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 11. Consellería de Cultura e Turismo

Os orzamentos da Consellería de Cultura e Turismo para o ano 2011 sofren no seu conxunto un descenso moi forte, do 32%, o que significa a perda de 62 millóns de euros e que representa unha rebaixa tres veces superior á producida no conxunto dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Esta rebaixa é moito máis marcada no capítulo VI, de investimentos reais, cun descenso de 42,1% e no capítulo VII, de transferencias de capital, que se reduce un 45,7. Pola contra, o gasto corrente descende moito menos, de tal maneira que para o ano 2011 representa o 44,8% do gasto total mentres que no ano 2010 representaba o 32,3%.

Consideramos que un descenso orzamentario tan forte fai que os orzamentos sexan claramente insuficientes para dar resposta ás necesidades culturais e turísticas de Galicia.

No orzamento específico de Cultura prodúcese un descenso do 31,43% con rebaixas moi importantes dos capítulos destinados ao impulso das industrias culturais (-44%). Obsérvanse fortes descensos nos presupostos para a industria audiovisual (-54%), a edición e o libro, as artes escénicas e as artes plásticas. Tendo en conta que as industrias culturais supoñen o 2% do PIB galego e que están a sufrir os efectos da crise, estes orzamentos non axudan en absoluto ao desenvolvemento económico nin poñen en marcha medidas para fomentar o emprego no sector, ao contrario van provocar máis paro.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Da mesma maneira prodúcese unha rebaixa do 52% para os concellos poñendo en perigo a acción cultural, as políticas de dinamización e o achegamento da poboación á cultura que poñen en marcha as entidades locais. Tamén descenden as partidas para asociacións culturais o que constitúe un ataque á cultura de base.

Estes orzamentos tampouco responden ás necesidades das bibliotecas, arquivos e museos públicos, para os que se rexistra unha caída do 49,3%, o que vai provocar un deterioro dificilmente reversible nas infraestruturas e dotacións destes centros culturais, de feito as partidas para construción de infraestruturas culturais baixa un 50%, e para obras de conservación un 92,5%.

Tampouco existen políticas de difusión e internacionalización da cultura galega, polo que consideramos que non defenden as industrias culturais e recortan os dereitos dos cidadáns ao acceso á cultura.

En Patrimonio descenden excesivamente partidas fundamentais como catalogación e inventario do patrimonio (-56%) e axudas para a protección do patrimonio (-82%), polo que dubidamos de que a Consellería leve a cabo as súas obrigas de conservación do patrimonio artístico galego.

Por outra banda, non se territorializa ningún investimento polo que non se pode controlar a acción do Goberno o que pode provocar accións discrecionais da consellería.

Polo que respecta aos orzamentos de Turismo, consideramos que as partidas presupostadas son totalmente insuficientes para impulsar este sector estratéxico para Galicia que supón o 12% do PIB. A redución do orzamento impide que se poñan en marcha políticas de impulso económico e creación de emprego, máxime cando sofre unha caída no capítulo VI do 36,5%, e no capítulo VII do 46,7%.

Consideramos que se rebaixan excesivamente os fondos destinados a promoción (-67%), mellora das infraestruturas e posta en valor de recursos turísticos (-58,5), o mesmo que os investimentos nos



Grupo Parlamentario

concellos cos que non existen políticas de colaboración e axuda no eido turístico.

Tamén se reduce excesivamente a partida destinada ao fomento do turismo rural (-51%), poñendo en perigo o necesario reequilibrio territorial do que o turismo é un dos máximos impulsores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo isto consideramos que a actividade turística non será impulsada con estes orzamentos perdéndose postos de traballo e riqueza.

Por outra parte, o conselleiro de Cultura e Turismo afirmou na comparecencia de orzamentos que cambiaría no ano 2011 a estrutura da súa Consellería dando as competencias de difusión e promoción da cultura á Axencia Galega de Industrias Culturais, polo que este orzamento presentado non se corresponde coa organización que terá a Consellería dando lugar a transferencias de fondos non coñecidas.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:48:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:50
Nº Rexistro: 54051
Data envío: 08/11/2010 16:50:05.239

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

1. A Sección 11 Consellaría de Cultura e Turismo, rexistra unha redución de fondos que inviabiliza a atención e promoción necesaria a dous sectores económicos relevantes, a cultura e o turismo, que representan en torno ao 14 % do PIB da nosa nación. Os orzamentos para estes sectores descende tres veces máis que a media global da Xunta de Galiza, cunha diminución do 31,96% en relación ao ano 2010.
2. O proxecto de orzamentos carece dunha estratexia para afrontar a crise económica. Non hai unha soa medida novidosa que teña como obxectivo frear a destrución de emprego na cultura e no turismo e modificar as tendencias negativas que se rexistran neste ámbito como consecuencia da crise económica que padece Galiza.
3. Os orzamentos para a promoción da cultura e protección do patrimonio son claramente deficientes, aplicándose un recortes moi elevados nos investimentos reais e as transferencias de capital. Non hai un axuste similar do gasto corrente, onde as reducións son moito menores.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:50
Nº Rexistro: 54051
Data envío: 08/11/2010 16:50:05.239

4. A Xunta de Galiza inviabiliza a aplicación do Plan Estratéxico do Turismo ao non preverse dotación orzamentaria que posibilite a posta en marcha das medidas contidas nese documento. Óbvianse as consecuencias e efectos da crise económica no turismo e non hai impulso a accións que contribúan a dinamización do sector. Aplícanse recortes nas diferentes partidas, sen que exista ningún tipo de criterio que xustifique os mesmos e que contradín os obxectivos que se recollen na memoria.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:05



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 12. Traballo e Benestar

Os orzamentos para o ano 2011 representan as contas da pobreza, das fendas sociais e do desemprego. Representan unhas contas que simbolizan un Goberno coa vontade política de privilexiar as políticas de privatización, de medir as políticas sociais polos exclusivos criterios da rendibilidade económica fronte ao benestar da cidadanía baixo o principio de xustiza social.

Uns orzamentos que se despreocupan en materia de políticas sociais dos piares fundamentais do Estado de benestar. Desaparecen por primeira vez as partidas destinadas ao Plan de inclusión para as cidades, deixando abandonadas a miles de persoas en situacións de exclusión social, pobreza, inxustiza social, miles de persoas que están a seguir itinerarios de selección, formación para o emprego e mellora da autoestima e da autonomía e inserción sociolaboral destas persoas, maioritariamente mulleres. Estas políticas bórranse do mapa de Galicia, dando lugar a unha situación de agochar os problemas que non interesan ao Goberno e abrir as diferenzas sociais.

As contas para o ano 2011 ignoran a Lei de promoción e atención ás persoas dependentes, reducindo as cantidades destinadas a cumprir cos dereitos derivados para as persoas afectadas pola devandita lei. A irresponsabilidade da Xunta de Galicia é sinaladamente da Consellería de Traballo e Benestar, cara a respectar unhas obrigas legais e, por suposto, unha obriga moral coas persoas dependentes e as súas familias, obrigan a este grupo a rexeitar estas contas presentadas.



Grupo Parlamentario

Ao mesmo tempo, as contas boicotean e fan trampas aos equipamentos sociais, centros de día, escolas infantís e outros equipos sociais. As trampas nas contas que evidencian a negativa deste Goberno para mellorar a calidade de vida das persoas, especialmente das que máis necesitan as políticas públicas obrigan a este grupo a emendar estes orzamentos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No tocante aos programas de emprego, por segundo ano consecutivo, redúcense os orzamentos para a loita contra o desemprego e a previsión para 2011 é que siga a subir o paro en Galicia, o que demostra a ausencia de políticas activas que dinamicen o mercado de traballo na nosa comunidade, o que vai ter unha consecuencia negativa para a creación de emprego.

Para 2011, os orzamentos da Consellería de Traballo dedicados ao emprego teñen unha diminución de algo máis de 32 millóns de euros, pese ao incremento das transferencias do Estado en 11 millóns. Isto débese á redución dos fondos da Xunta en 42,5 millóns, un 30% sobre 2010 e un 43,7% sobre 2009.

O investimento por parado que fai a Xunta dos seus propios fondos pasou de 1.129 € que había nos orzamentos de 2009, a 717 € en 2010 e a soamente 444 € en 2011. Tras dous anos de Goberno do PP, o investimento por parado reduciuse en Galicia nun 60%.

Este recorte prodúcese ademais, nun contexto en que o paro rexistrado está a manter unha peor evolución en Galicia que no conxunto do Estado: se en marzo de 2009 a diferenza entre Galicia e o Estado na variación anual do paro era de 24,7 puntos; hai un ano, na presentación dos anteriores orzamentos, xa baixara a 13,5 puntos e no último mes, en setembro de 2010, soamente nos separa medio punto.

En canto á afiliación á Seguridade Social, as cousas foron tamén a peor: Para o último ano, as persoas afiliadas descenden case o dobre para Galicia que en España.

Neste contexto preséntanse uns orzamentos de emprego que se manteñen soamente polas achegas do Estado.



Grupo Parlamentario

Por programas, en relación cos orzamentos de 2009, este Goberno diminúe:

- Nun 72,4% os seus fondos destinados á contratación de desempregados en programas de cooperación: 13,5 millóns de €.
- Nun 72,2% os seus fondos destinados a incentivos á contratación, o que significa unha redución de 35,7 millóns de € menos para incentivos á contratación indefinida, e ademais o número de autónomos reduciuse en Galicia nun 14%, e os contratos de persoas con discapacidade nun 44%.
- Nun 83,7% os fondos propios da Xunta destinados á formación dos desempregados: os 2,5 millóns destinados en 2009 quedan reducidos a 400 mil € en 2011.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Continúa o mesmo número de persoal nas oficinas de emprego que en 2008, despois de non incorporar en 2009 o incrementado nos orzamentos dese ano e eliminalos nos de 2010. Esta situación dispara o número de parados por empregado dado que actualmente hai un 38% máis de parados rexistrados que en setembro de 2008, 59.261 parados máis.

En canto ás políticas de Xuventude, resulta sumamente perplexo que o decrecemento que experimenta un dos programas “estrela” da Consellería o de Solidariedade, se reduza en torno a un 38 %, curiosamente o mesmo que aumenta o gasto corrente dunha Dirección Xeral inoperante.

Ao mesmo tempo desaparecen políticas transversais fundamentais no eido da xuventude como a información xuvenil ou o carné xoven.

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:48:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:50
Nº Rexistro: 54052
Data envío: 08/11/2010 16:50:35.941

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Traballo e Benestar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, en atención ás razóns que a seguir se expoñen:


En materia de Benestar, aplícase un recorte de 24,2 M€ que, somado aos de 2010, impede atender aos dependentes, desenvolver as políticas de infancia, discapacidade e inclusión social. Agrávase a redución, xa experimentada en 2010, das transferencias aos Concellos en materia de políticas sociais e, especialmente, en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social.

En materia de Traballo os diferentes programas experimentan un descenso de 29,9 M€ especialmente grave no que atinxe ás políticas activas de emprego e de seguranza e saúde laboral. Estes orzamentos non farán senón acentuar o incremento do paro e a destrución de emprego no noso país.

En materia de Xuventude e Voluntariado o recorte de 3,8 M€ (un 19%) consolida e incrementa o recorte xa experimentado en 2010 e a paralización da política xuvenil da Xunta.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:50
Nº Rexistro: 54052
Data envío: 08/11/2010 16:50:35.941

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións:, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 13. Consellería do Medio Rural

Os orzamentos da Sección 13 Consellería de Medio Rural non dan resposta para a saída da crise que afecta de xeito especial ao sector primario, e en particular ao sector lácteo e ao sector forestal, de xeito que renuncian á recuperación económica de Galicia, empeorando o presente e hipotecando o futuro.

Non apostan nin atenden a necesidade de traballar por un rural vivo e dinámico a partir da dinamización económica multifuncional sostible, onde a cohesión económica, territorial e social deberan ser unha prioridade de xeito que permitiran ao rural progresar económica e socialmente e participar na recuperación económica e na saída da crise.

O orzamento desta sección diminúe nun 20,6 % cunha caída no seu conxunto de 137 millóns de euros, que acusan fundamentalmente os capítulos de investimento, investimento real e as transferencias de capital, cun recorte de 122 millóns de euros, o que supón unha caída superior ao 25,%, desaproveitando o cofinanciamento con fondos europeos que permitiría optimizar e priorizar os recursos, tal que a Consellería de Medio Rural é unha das grandes sacrificadas polo recorte orzamentario que amosa o desleixo do Goberno galego para co medio rural.

Dilapidan as políticas para o desenvolvemento rural, cun recorte no servizo dun 57%, de xeito que amosan a falla de compromiso para garantir a prestación de servizos básicos, a mellora da calidade de vida e para a fixación de poboación no medio rural, promovendo máis desigualdades e máis desequilibrios, o despoboamento e o



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

envellecemento e o abandono do rural galego.

O recorte de case 44 millóns de euros no programa de Infraestruturas e equipamentos no medio rural, e de 12,95 millóns de euros no programa de fixación de poboación no medio rural, non garanten os investimentos imprescindibles para achegar servizos á poboación rural, levar a cabo obras de saneamento dos núcleos rurais, abastecemento de auga, para a mellora de camiños, para a dotación de equipamentos e o acceso ás novas tecnoloxías, entre outros, nin para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, aproveitando a oportunidade que ofrece co fin de fomentar unha actividade económica continuada e diversificada no medio rural, para manter os sectores produtivos, atender as necesidades e dar servizos públicos suficientes e de calidade á poboación rural.

Supoñen o afundimento dos sectores produtivos agrarios e gandeiros, en particular do sector lácteo e o sector forestal, que abandonan á súa sorte impedindo que se integren no proxecto económico, social e político do país e poidan progresar económica e socialmente, deixando sós aos agricultores e gandeiros fronte á crise.

Non apostan pola modernización e a diversificación do tecido produtivo no medio rural, e non garanten o apoio decidido que garanta o relevo xeracional, a incorporación de mozos e mozas ás actividades agroforestais, a formación específica no eido agrogandeiro e forestal, o fomento do asociacionismo e o redimensionamento cooperativo, a promoción e diversificación da actividade agraria e as producións de calidade e da agricultura ecolóxica, a mellora da industrialización e comercialización dos produtos agroalimentarios e forestais, a conservación da natureza e da biodiversidade que promovan a vertebración e a organización do sector agrario e en particular do lácteo e do forestal, que amosa o nulo compromiso co fin de mellorar a competitividade e as rendas das explotacións, fixar poboación e xerar emprego que contribúa ao desenvolvemento rural.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non dan resposta aos compromisos recollidos no Plan estratéxico para o sector lácteo galego, de xeito que non promoven medidas que permitan reducir os custes de produción, á mellora dos accesos e das estruturas das explotacións, mellorar a competitividade, o redimensionamento das explotacións e o incremento da base territorial e a mobilidade de terras agrarias, que permita garantir a viabilidade e mellorar as rendas das arredor de 11.900 explotacións leiteiras que quedan en Galicia.

O recorte do programa de Infraestruturas e equipamentos no medio rural e o de mobilidade de terras agrarias improdutivas, non garante a continuación das políticas de concentración da terra agraria e a execución das concentracións parcelarias que están en marcha, especialmente nas zonas de intensa actividade agraria, nin o impulso do Banco de Terras, a mellora e consolidación dos regadíos ou a mellora de accesos ás explotacións, co fin de mellorar a competitividade das explotacións agrarias galegas.

Supoñen o total abandono das políticas de xestión e ordenación forestal, e de prevención e defensa contra incendios, de xeito que non apostan pola valorización integral e o aproveitamento multifuncional do monte e a súa contribución á prevención de incendios, recortando os investimentos nos montes de xestión pública, as axudas a propietarios e titulares e comunidades de montes, para levar a cabo accións silvícolas e de silvicultura preventiva, de repoboación e recuperación forestal, abandonando a colaboración cos concellos en materia de prevención de incendios e de protección de núcleos, derrogando as Uxfor como modelo de reorganización da propiedade forestal, para promover o abandono do monte abrindo as portas cara á capitalización forestalista masiva do monte galego.

Non garanten a prestación de servizos os gandeiros e as gandeiras en materia de benestar animal e sanidade animal e vexetal, como elementos básicos para a defensa da saúde pública que apuntalan a seguridade alimentaria fundamental para garantir unha produción de calidade respectuosa co medio ambiente e o benestar animal, que contribúa a garantir a confianza dos consumidores nos nosos produtos, a mellorar a rendibilidade agraria e a manter o nivel sanitario das nosas producións.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estes orzamentos supoñen pois o abandono do rural galego do que vai ser unha lexislatura perdida, con máis recortes, que pagan os agricultores e gandeiros, menos servizos públicos e peor calidade de vida para a poboación rural, menos emprego no sector primario, ausencia total de xestión forestal e de apoio os sectores produtivos, máis peches de explotacións, máis desequilibrios, máis despoboamento e mais envellecemento, renunciando as políticas de cohesión social, territorial e económica do medio rural como prioridade para a integración e participación do medio rural na recuperación económica á que renuncian.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:48:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:51
Nº Rexistro: 54053
Data envío: 08/11/2010 16:51:00.878

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, Consellería do Medio Rural, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

O orzamento da Consellaría do Medio Rural para 2011 redúcese en termos globais nun 20,62 por 100 (136.389.372 euros), o dobre que a media do orzamento da Xunta, concentrándose o descenso nos capítulos de capital: investimentos reais, que descendan 71.187.741 euros (-34,49 %), e transferencias de capital, que se reducen en 50.556.351 euros (-18,81%).

O recorte nos investimentos e transferencias de capital reducen a capacidade investidora e de apoio ao sector da Consellaría, o que impedirá un uso anticíclico do orzamento en situación de crise. Isto é, ás dificultades do sector, unirase o menor apoio da Xunta de Galiza.

Neste proxecto de lei certifícase o mantemento dunha política de loita contra os incendios forestais baseada exclusivamente na extinción, aínda que sen as mesmas garantías orzamentarias, paralizando o proceso de modernización emprendido nos últimos anos, e arrombando a política de prevención, ao restarlle fondos a liñas de acción que pretendían por o acento en evitar o risco de incendio, significan unha continuidade cunha política da época de Fraga, que incorreu en inxente gasto público en extinción sen pretender un cambio estrutural das causas que provocan os incendios forestais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:51
Nº Rexistro: 54053
Data envío: 08/11/2010 16:51:00.878

Tamén se traduce unha paralización de cambios estruturais vinculados coa fragmentación da propiedade e coa súa reordenación como é o impulso do Banco de Terras, as Unidades de Xestión Forestal e a continuación das concentracións parcelarias, reducindo nada menos que 37,2 millóns de euros en obras de concentración parcelaria. Nese sentido, a paralización da concentración parcelaria en 2011 vai a ser case total.

No que atinxe ás políticas públicas dirixidas a combater a crise no sector agrogandeiro e forestal o esforzo orzamentario redúcese drasticamente, destaca que non hai ningunha axuda específica para o sector lácteo, e que en termos xerais as axudas ás producións e á industria agroalimentaria e forestal sofren recortes moi acusados, situación especialmente grave se temos en conta que xa foron recortados no ano 2010.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:30



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 14. Consellería do Mar

Os orzamentos da Consellería do Mar non só non contribúen a acadar os obxectivos sinalados senón que, de aprobarse tal como foron remitidos ao Parlamento, converteranse no principal obstáculo para o desenvolvemento económico, social e a creación de emprego do sector pesqueiro galego.

Consolidan e acentúan o proceso iniciado cos orzamentos actualmente vixentes, de relegar a un dos sectores produtivos básicos da nosa economía aos últimos lugares das prioridades do Goberno galego, e á perda de peso económico e político desta consellería no Goberno galego.

Non facilitan a creación de emprego nin a reactivación económica e empresarial.

Renuncian á investigación e á modernización tecnolóxica nun sector onde ambas as dúas son capitais para o seu desenvolvemento.

Reducen, de xeito drástico, os investimentos en infraestruturas esenciais para o sector.

Condicionan negativamente o progreso e modernización das nosas empresas pesqueiras e de sectores de futuro como a acuicultura.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 18:04:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:51
Nº Rexistro: 54054
Data envío: 08/11/2010 16:51:39.175

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellaría do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011.

O proxecto de orzamentos desta Sección non se orienta a enfrontar a situación de crise económica que padece Galiza, e especificamente o sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro. Moi pola contra, as medidas orzamentarias previstas van dirixidas ao desmantelamento –subsidiado- da frota pesqueira, á degradación das condicións de vida e traballo das e dos traballadores do mar, e á deterioración do dispositivo de vixilancia e inspección pesqueira, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Son estas as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do B.N.G. a solicitar a devolución do Proxecto de Orzamentos correspondente á Sección 14, Consellaría do Mar.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:51
Nº Rexistro: 54054
Data envío: 08/11/2010 16:51:39.175

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:52
Nº Rexistro: 54055
Data envío: 08/11/2010 16:52:02.909

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 21, Transferencias Corporacións Locais, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Por que adican unha parte dos recursos a transferencias que acaban nas Deputacións Provinciais que deberan ter outra finalidade ou unha estratexia de coordinación que permita mellorar a súa eficiencia.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:52
Nº Rexistro: 54056
Data envío: 08/11/2010 16:52:50.064

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 23, “Gastos de diversas Consellerías”, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, pola seguintes razóns:

Porque minoran os recursos adicados ao fondo de garantía de avais, nun momento de crise económica, nun 15%.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:35:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:55
Nº Rexistro: 54059
Data envío: 08/11/2010 16:55:14.967

Á Mesa do Parlamento

○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80 “Escola Galega de Administración Pública”, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polos seguintes motivos:

- 1.- Son orzamentos que siguen estando de espaldas ao que sería unha política de formación da función pública galega feita en clave de compromiso co país e co seu idioma.
- 2.- Non hai unha concepción eficiente do gasto.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:27:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:55
Nº Rexistro: 54060
Data envío: 08/11/2010 16:55:55.232

Á Mesa do Parlamento

○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 81 “Academia Galega de Seguridade Pública”, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polos seguintes motivos:

- 1.- Non hai unha concepción eficiente do gasto, de feito as transferencias correntes que recibe incrementanse sensiblemente respecto do ano anterior.
- 2.- Non está presente en un organismo como este a prioridade por crear unha policía galega.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:25:03



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para o organismo:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 07. Servizo 82.- Augas de Galicia

O orzamento de Augas de Galicia descende en máis dun 19% neste ano e nos dous últimos anos a contía total detraída deste organismo autónomo é de máis de 44 millóns de euros.

A redución de investimento deste organismo autónomo ten consecuencias directas na calidade das augas das rías e ríos de Galicia.

Cada vez está máis lonxe poder cumprir o establecido na Directiva Marco da Auga sobre o bo estado ecolóxico das augas antes do ano 2015.

Ademais non se teñen en conta as previsións do propio Goberno, en canto á súa política de ingresos.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:29:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:02
Nº Rexistro: 54071
Data envío: 08/11/2010 17:02:47.052

Á Mesa do Parlamento

○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 82 “AUGAS DE GALIZA”, Sección 07 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:


Os orzamentos deste organismo, demostran que a política de calidade na xestión das augas de Galiza non é obxectivo prioritario do actual Goberno. O orzamento de Augas de Galiza redúcese, de feito, nun 19,27% para o ano 2011.

Esta redución vai supor unha minoración de 28.682.843 millóns de euros en planificación e xestión hidrolóxica e máis en infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento. Eso vai ter graves consecuencias para a calidade das augas da Galiza, facendo imposible o cumprimento das disposicións e dos prazos marcados pola Directiva Marco da Auga.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:02
Nº Rexistro: 54071
Data envío: 08/11/2010 17:02:47.052

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:26:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:07
Nº Rexistro: 54079
Data envío: 08/11/2010 17:07:54.578

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80 “Instituto Galego de Consumo”, Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Por reducir os seus recursos moi superior a media dos orzamentos xerais e nun intre en que a protección das persoas consumidoras debe ser unha tarefa esencial de calqueira goberno.

Por tratarse duns orzamentos que non permiten mellorar a súa capacidade de información e defensa das persoas consumidoras, renunciando de xeito real a un maior grao de loita contra o fraude.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:30:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:09
Nº Rexistro: 54081
Data envío: 08/11/2010 17:09:18.154

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80 “Servizo Galego de Saúde”, Sección 10, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

- Ningunha proposta sobre mellor xestión dos recursos humanos, aplícase directamente o recorte de salarios e rebaixase a previsión de substitucións.
- Medra o peso do gasto corrente no orzamento, e medra en números absolutos nas partidas inconcretas como outros gastos diversos...
- Medra o capítulo 5 de 41 a 77 millóns de € Supoñen tamén unha maior discrecionalidade e menor control orzamentario.
- Redúcese o investimento non só para novas construcións senón para mantemento dos centros sanitarios o que afectará á súa capacidade de atender á demanda de atencións.
- Non hai investimentos previstos para o plan de saúde mental nin para mellorar a atención primaria nin para ningún outro programa específico ao tempo que se reduce o apoio aos centros asistenciais do Plan de drogas.
- Non hai ningunha medida de creación de emprego, non hai ningunha medida de investimento que supoña un retorno económico que impacte positivamente no PIB galego e non hai ningunha medida de garantías de mantemento dos servizos sanitarios (mellora das listas de espera, mellora da atención primaria...)

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:09
Nº Rexistro: 54081
Data envío: 08/11/2010 17:09:18.154

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:36:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:12
Nº Rexistro: 54087
Data envío: 08/11/2010 17:12:59.681

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80 “INSTITUTO GALEGO DE SEGURANZA E SAÚDE LABORAL”, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Por deteriorar significativamente a capacidade deste organismo, dada a situación de precariedade existente, e minorar de xeito pronunciado a actuación na prevención e saúde laboral.


Por reducir a prevención de riscos laborais nomeadamente nas PEMES e microPEMES.

Por dificultar a superación dunha realidade nas empresas galegas e dos seus traballadores e traballadoras que fai necesaria unha actuación intensiva de información, formación e asesoramento na seguridade e saúde laboral.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:12
Nº Rexistro: 54087
Data envío: 08/11/2010 17:12:59.681

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:31:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para o:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 07.- Servizo 90.- Instituto Galego da Vivenda e o Solo

Os recortes salientados no orzamento global da Consellería e nos organismos autónomos, faise especialmente grave no que atinxe ás políticas de vivenda e solo produtivo. Nin no referido a axudar ás familias nunha cuestión como é o acceso a unha vivenda digna, nin nos recursos que puideran funcionar como panca para axudar ao desenvolvemento da actividade económica, no sector inmobiliario, nas industrias complementarias e nos distintos sectores teñen utilidade os presentes orzamentos.

De novo a parálise nos investimentos, a caída drástica nos fondos dirixidos a impulsar a actividade económica e o abandono das axudas dirixidas á mellora da habitabilidade e da accesibilidade á vivenda deben sumarse aos recortes introducidos xa no Orzamento do ano 2010 que supuxeron unha diminución nos cretos cos que contan os galegos e as galegas para acceder a unha vivenda, diminución que neste ano se ve duplicada.

As caídas nun 57,3% dos investimentos do IGVS e nun 37,2% nas transferencias de capital certifican un desmantelamento das políticas de vivenda pública para Galicia. Os recortes dramáticos nos fondos dedicados á rehabilitación teñen ademais un efecto dobre: no que respecta á mellora da vivenda e do benestar social e no que atinxe ao dinamismo e actividade de pequenas e medianas empresas que atopaban neste sector unha posibilidade de manter a súa actividade.



Grupo Parlamentario

Os recortes nas axudas ao aluguer impiden o desenvolvemento desta fórmula de acceso á vivenda, imprescindible para unha parte importante da sociedade: xente moza, persoas con baixos recursos, inmigrantes...

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por último salienta que este recorte debe sumarse ás modificacións lexislativas e normativas que tenden á diminución do solo dedicado a vivenda pública e que deixan caer sobre os concellos unha parte importante da tramitación administrativa. A Xunta de Galicia tende, pouco a pouco, a desaparecer da política de vivenda.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:34:38



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:03
Nº Rexistro: 54072
Data envío: 08/11/2010 17:03:21.458

Á Mesa do Parlamento

○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 90 “Instituto Galego da Vivenda e Solo”, Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:


Os orzamentos destinados ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2011 supoñen unha minoración de 74.283.113 millóns de euros con respecto aos do ano 2010.

Unha redución do 41,24% dos orzamentos do IGVS, que confirma que a vivenda non é un dereito nin unha prioridade para o Goberno galego. Asemade, supón o desmantelamento da política social de vivenda e a parálise das actuacións dirixidas a garantir á cidadanía o acceso a unha vivenda digna.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:03
Nº Rexistro: 54072
Data envío: 08/11/2010 17:03:21.458

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:29:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:17
Nº Rexistro: 54093
Data envío: 08/11/2010 17:17:57.691

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 90 “Fondo Galego de Garantía Agraria”, Sección 13, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Os ingresos que se prevén para o funcionamento do Fondo Galego de Garantía Agraria son insuficientes para facer fronte ao seu cometido de xestionar todo o relacionado cos pagamentos aos labregos e gandeiros e para mellorar a renda agraria nun contexto de crise do sector que fai máis necesaria esta contribución.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:28:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións, para a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 11.- Axencia Galega das Industrias Culturais

A pesares da importancia que ten a cultura na economía en Galicia e que afecta a 26.000 traballadores, a Axencia Galega das Industrias Culturais ve mermado o seu presuposto nun 10% globalmente e nun 25% en canto ás axudas á promoción artística o que vai a afectar tanto o audiovisual, un sector estratéxico, como as artes escénicas.

Por outra parte, segundo as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo vanse producir cambio no organigrama da Consellería e, ao parecer, a Axencia Galega das Industrias Culturais vaise facer cargo das competencias de promoción e fomento da cultura o que non está reflectido nos seus orzamentos polo que non son acaídos para a labor que a Axencia ten que realizar.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 18:23:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:11
Nº Rexistro: 54085
Data envío: 08/11/2010 17:11:49.964

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)”**, **Sección 11, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:

1. Os orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), carecen dunha estratexia destinada a apoiar as industrias culturais galegas, nun momento en que a crise económica está afectando gravemente a este sector da nosa economía. Carecen de obxectivos claros e cuantificábeis que avalíen a eficacia da inversión de fondos públicos.
2. A Xunta de Galiza diminúe, por segundo ano consecutivo, o esforzo orzamentario na Agadic. O efecto deste retraemento da inversión pública vai provocar un agravamento da situación das industrias culturais, con efectos negativos na súa capacidade para xerar emprego e dinamizar a oferta de produtos culturais galegos no propio país e no exterior.
3. Hai unha penalización clara das artes escénicas nestes orzamentos, nomeadamente as unidades de produción institucional (Centro Dramático Galego e Centro Coreográfico Galego). Este proceder vai en detrimento dos obxectivos da Axencia de apoiar e promover o fortalecemento da escena galega, limitando o dereito da cidadanía a acceder á cultura.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:11
Nº Rexistro: 54085
Data envío: 08/11/2010 17:11:49.964

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:26:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para o seguinte ente:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sección 04.- CRTVG

1.º) Porque o recorte orzamentario supón limitar de forma grave a capacidade das empresas da CRTVG para actuar nun entorno competitivo como os dos medios audiovisuais neste período do 2011.

2.º) Porque estes orzamentos non garanten o pulo do noso sector audiovisual, nin o investimento tecnolóxico necesario para a modernización e a dixitalización da nosa televisión e non garanten a estabilidade laboral necesaria na Compañía.


3.º) Porque non garante o cumprimento dos obxectivos marcados na lei creadora do ente.

Parlamento de Galicia, 8 de novembro de 2010

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 18:08:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:53
Nº Rexistro: 54057
Data envío: 08/11/2010 16:53:50.860

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Ente Público “CRTVG”, Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:

-Os orzamentos da CRTVG non contemplan os mecanismos necesarios para facer real e efectiva a prometida regularización laboral dos traballadores do ente, provocando, un ano máis, a precarización e a externalización.


-Os orzamentos da CRTVG persisten na equivocada política de falta de apoio ao sector audiovisual galego provocando unha preocupante situación nun sector que debería considerarse estratéxico para o noso país.

-En definitiva, os orzamentos da CRTVG para o ano 2011 non contemplan nin en termos cuantitativos nin cualitativos os mecanismos necesarios para a correcta aplicación dos principios estatutarios da compañía.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:53
Nº Rexistro: 54057
Data envío: 08/11/2010 16:53:50.860

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:27:34



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 06.- Consello Económico e Social (CES)

O orzamento de gasto e ingresos non está equilibrado. A subvención da Consellería de Facenda non permite cubrir os gastos de persoal e servizos exteriores que ten previsto o CES, o que amosa un déficit de preto de 270.300 euros neste organismo, non contemplado no orzamento consolidado da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:31:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 07.- Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, brazo executor das políticas da auga descende o seu orzamento para o ano 2011 en máis de 102 millóns de euros.

Non existe ningún novo proxecto a poñer en marcha, só se executan investimentos xa previstos na anterior lexislatura.

Con esta minoración do investimento en obra hidráulica non teremos acadado os obxectivos de calidade das augas nos prazos estipulados pola normativa comunitaria.

Con esta actuación orzamentaria entramos en serio risco de máis sancións comunitarias por incumprimento das directivas de calidade das augas para a cría de moluscos.

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 17:35:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:58
Nº Rexistro: 54064
Data envío: 08/11/2010 16:58:25.120

Á Mesa do Parlamento


○ **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS”, Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:

Para o 2011 a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos vai ver reducidos nun 18,9% (20.076.237 millóns de euros) os ingresos que recibe provenientes de Augas de Galiza.

Tendo en conta que a EPOSH é o principal instrumento co que conta a Xunta de Galiza para a realización da obra hidráulica, é evidente que esa importante minoración que van sufrir os seus ingresos no ano 2011 vai imposibilitar o cumprimento das disposicións da Directiva 2000/60/CE.

Esa minoración de ingresos vai facer inviábel o cumprimento, entre outros, do Plan de infraestruturas Hidráulicas e de Traballo Medioambientais 2009-2013, do Plan Auga, do Plan de saneamento 2000/2015, do Plan de choque fronte á crise e dos plans de saneamento locais das rías galegas. Xa que, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos está involucrada no desenvolvemento de todos eses plans.

A EPOSH debería ter un maior orzamento para poder realizar as obras pendentes e necesarias para dar cumprimento ás disposicións da Directiva Marco da Auga, garantindo os obxectivos en materia de calidade das augas de dita Directiva.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 16:58
Nº Rexistro: 54064
Data envío: 08/11/2010 16:58:25.120

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:28:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:03
Nº Rexistro: 54073
Data envío: 08/11/2010 17:03:57.254

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, do Ente Público “Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE”, Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, polas seguintes razóns:

Estando situados nun contexto de crise xeneralizada e de restricción de acceso ao crédito para as empresas, sendo a principal función deste ente público o actuar como unha axencia de desenvolvemento e tendo como obxectivos a creación de novas empresas e a promoción e mellora da produtividade e competitividade destas, presenta uns orzamentos cunha baixada significativa e superior ao promedio dos orzamentos xerais, o que representa un decrecemento na capacidade de actuación e posta en marcha de políticas orientadas ao nacemento de novas empresas, ao desenvolvemento de proxectos empresariais, a mellora da competitividade, ao despregamento da innovación e a atención intregal, repercutindo na capacidade do sistema produtivo e cunha incidencia na creación de emprego moi cativa.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:03
Nº Rexistro: 54073
Data envío: 08/11/2010 17:03:57.254

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2010 13:29:40



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para o:

Sección 08.- Instituto Enerxético de Galicia

Prodúcese un abandono por parte da Administración autonómica do “*Plan Estratéxico de Aforro e Eficiencia Enerxética*”, xa que os fondos para este plan que proceden do Goberno de España teñen unha gran importancia. Financia o 85% o Goberno de España (12.5 millóns de euros), e o 15% (2.2 millóns de euros) a Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2010 18:27:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórrea, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2010 17:04
Nº Rexistro: 54074
Data envío: 08/11/2010 17:04:34.707

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do “Instituto Enerxético de Galiza”, Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011**, polas seguintes razóns:

